



# DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Ano XIX

Martes, 18 de xaneiro de 2000

Nº 11

P.V.P. 205 ptas. (IVE incluído)

## SUMARIO

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
<b>III. OUTRAS DISPOSICIÓNS</b>			
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>			
— Orde do 11 de xaneiro de 2000 pola que se clasifica como de interese cultural a <i>Fundación Cidade da Cultura de Galicia</i> .	661	— Orde do 13 de decembro de 1999 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.	663
— Corrección de erros.-Resolución do 8 de outubro de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de outubro de 1999, pola que se aproba a nova relación de postos de traballo da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.	661	— Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se modifica o concerto educativo cos centros privados Santiago Apóstol de Narón (A Coruña), Santo Cristo de Ourense, Montecastelo de Vigo (Pontevedra) e Victoria de Vigo (Pontevedra).	666
— Corrección de erros.-Resolución do 15 de outubro de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de outubro de 1999, polo que se modifica a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais e do Servizo Galego de Saúde, referente o persoal dos corpos e escalas da Lei 4/1998, do 26 de maio.	662	— Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.	666
		— Orde do 15 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua, literatura, historia e cultura galega, para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia.	670
<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>		<b>CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA</b>	
— Orde do 13 de decembro de 1999 pola que se modifica a autorización ó centro privado de educación especial Agarimo de Laxobre-A Baiuca do concello de Arteixo (A Coruña).	662	— Orde do 10 de decembro de 1999 pola que se aproba a reordenación do polígono de bateas denominado Baiona, situado no distrito marítimo de Baiona, provincia de Pontevedra.	671

<u>Páxs.</u>	<u>Páxs.</u>
<b>CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS</b>	<b>V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA</b>
— Resolución do 3 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación, no <i>Diario Oficial de Galicia</i> , do convenio colectivo da empresa <i>Frigoríficos de Vigo, S.A.</i>	<b>XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO DOUS DO CARBALLIÑO</b>
672	— Cédula de notificación (51/1999). 699
<b>CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE</b>	<b>VI. ANUNCIOS</b>
— Orde do 29 de decembro de 1999 pola que se regulan os servicios e adxudicación de estadias nas residencias de tempo libre dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.	<b>a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA</b>
680	<b>CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA</b>
— Orde do 29 de decembro de 1999 pola que se regulan axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais.	— Cédula do 10 de decembro de 1999, do Servicio Provincial de Transportes da Coruña, pola que se notifican resolucións recaídas nos expedientes sancionadores incoados por infracción da normativa vixente en materia de transportes terrestres devoltas polo servizo de correos por resultaren descoñecidos os seus destinatarios (expediente XC-00480-O-1999 e nove máis). 699
683	— Cédula do 10 de decembro de 1999, do Servicio Provincial de Estradas de Pontevedra, pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas de expedientes sancionadores (308/1998 e once máis). 700
<b>ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE</b>	— Cédula do 10 de decembro de 1999, do Servicio Provincial de Estradas de Pontevedra, pola que se fai pública unha relación de notificacións de propostas de resolución de expedientes sancionadores (40/1998 e tres máis). 701
— Resolución do 7 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso básico de capacitación para gardas de policía local. 689	<b>CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO</b>
— Resolución do 7 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso sobre atestados por accidentes de tráfico. 689	— Resolución do 3 de xaneiro de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto chamado L.M.T.-C.T.-R.B.T. Nabás (concello de Nigrán), a favor da empresa <i>Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.</i> (Expediente 106/1998 A.T.). 701
<b>IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS</b>	
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
— Corrección de erros.-Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de letrados. 691	
<b>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE</b>	
— Orde do 5 de xaneiro de 2000 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente. 691	
<b>UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b>	
— Resolución do 9 de decembro de 1999 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de prazas de técnicos especialistas que realizan funcións informáticas vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade. 693	

- Resolución do 3 de xaneiro de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto chamado L.M.T. Sopegal-Xuncal, a favor da empresa *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*, no concello de Baiona. (Expediente 232/1998 A.T.). 702
- Resolución do 3 de xaneiro de 2000, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto chamado L.M.T.-C.T. Galufe, no concello de Vilagarcía de Arousa, a favor da empresa *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.* (Expediente 361/1998 A.T.). 703
- Edicto do 19 de outubro de 1999, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a admisión definitiva do permiso de investigación Víctor, 4908. 704

#### **CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA**

- Resolución do 14 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación do acordo de iniciación do expediente sancionador de epizootias OU-T-130/1999. 704
- Resolución do 14 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Ourense, de notificación do acordo de iniciación do expediente sancionador de epizootias OU-T-129/1999. 705

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

- Resolución do 16 de decembro de 1999, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se fai pública a convocatoria de poxa para o alleamento das madeiras que se citan. 706
- Resolución do 3 de xaneiro de 2000, da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso público con procedemento aberto e expediente anticipado de gasto, para a contratación da consultoría e asistencia técnica, consistente na elaboración de proxectos de adecuación, selado e clausura de vertedoiros de residuos sólidos urbanos. 708

#### **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO**

- Resolución do 27 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se notifica o levantamento das actas de ocupación dos bens e dereitos que se precisan ocupar no ámbito da unidade de actuación UE-4 do PERI do núcleo histórico de Ourense, para a construción do VPO de réxime xeral, prazas de garaxe subterráneas e ordenación do espazo público que se xera, ás persoas que se relacionan (Francisco Cerviño Casanova e seis máis), devoltos polo servizo de correos. 709

#### **SERVICIO GALEGO DE SAÚDE**

- Resolución do 9 de decembro de 1999, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se fai pública a adxudicación correspondente ó expediente 31/1999. 709
- Resolución do 9 de decembro de 1999, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, pola que se fai pública a adxudicación correspondente ó expediente 34/1999. 710
- Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de produtos non perecedoiros (C.P. 103/2000). 711
- Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de conxelados (peixe e cordeiro) (C.P. 104/2000). 712
- Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de auga, café, pan e derivados (C.P. 105/2000). 712

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
— Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de produtos cárnicos e derivados (C.P. 106/2000).	713	<b>CONCELLO DE FOZ</b>	
		— Edicto.	717
— Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de sopas, triturados dietéticos e outros (C.P. 107/2000).	714	<b>CONCELLO DE LALÍN</b>	
		— Anuncio.	717
		— Anuncio.	717
— Resolución do 28 de decembro de 1999, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Juan Canalejo-Marítimo Oza da Coruña, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto e tramitación anticipada, para a adquisición de leite e derivados (C.P. 108/2000).	714	<b>CONCELLO DE LUGO</b>	
		— Anuncio.	718
		— Anuncio.	718
		<b>CONCELLO DE OLEIROS</b>	
		— Anuncio (FG-359).	718
		— Anuncio (FG-83).	719
		<b>CONCELLO DE SAN AMARO</b>	
		— Edicto.	719
		<b>CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>	
		— Anuncio.	719
		<b>CONCELLO DE VIGO</b>	
		— Anuncio de exposición pública do proxecto de urbanización do Plan Parcial de Recaré-2 (expediente 4160/401).	719
		<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO</b>	
		— Anuncio do 2 de decembro de 1999, do Instituto Lucense de Desenvolvemento Económico e Social, de concurso de servizo, por procedemento aberto.	720
		— Anuncio de concurso, por procedemento aberto, de contrato de obras.	720
		— Anuncio de concurso, por procedemento aberto, de contrato de obras.	720

#### **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Resolución do 12 de xaneiro de 2000 pola que se anuncia concurso público, por procedemento aberto e trámite ordinario, para a contratación dos expedientes 437/1999 e cinco máis.

#### **b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

##### **CONCELLO DE BETANZOS**

- Anuncio. 717  
— Anuncio. 717



# **DIARIO OFICIAL DE GALICIA**

#### **EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da  
Consellería da Presidencia  
e Administración Pública  
Edificio San Caetano  
Teléfonos 981544268 – 981544270  
Fax 981544272 – 981544273  
Santiago de Compostela  
ISSN 1.130-9229  
Depósito Legal C. 73-1982  
**IMPRIME**  
Editorial Compostela, S.A.  
R/. Preguntoiro, 29  
Santiago de Compostela

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 11 de xaneiro de 2000 pola que se clasifica como de interese cultural a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Cidade da Cultura de Galicia*, con domicilio en Santiago de Compostela.

Supostos de feito.

1. Andrés González Murga, na súa calidade de secretario da fundación, en escrito do vinteito de decembro de 1999, formulou solicitude de clasificación para efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día 27 de decembro de 1999, ante o notario José Antonio Montero Pardo, co número dous mil oitocentos vintecinco do seu protocolo por Jesús Pérez Varela, José Antonio Orza Fernández e José Antonio Sánchez Bugallo que interveñen no exercicio dos seus cargos.

3. Segundo consta no artigo 6 dos seus estatutos, o obxecto da fundación centrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constituía un espacio multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.

4. O padroado da fundación estará constituído polas persoas designadas no artigo 9 dos estatutos.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de tódalas consellerías elevoulle ó conselleiro da Presidencia e Administración Pública proposta de clasificación como de interese cultural da *Fundación Cidade da Cultura de Galicia*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, cumpríndose os requisitos esixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese cultural e a súa adscrición á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2ºc) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 10 de xaneiro de 2000.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

#### DISPOÑO:

Clasificar como de interese cultural a *Fundación Cidade da Cultura de Galicia* e adscribirla á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2000.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia e Administración  
Pública

*Corrección de erros.-Resolución do 8 de outubro de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de outubro de 1999, pola que se aproba a nova relación de postos de traballo da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.*

Advertidos erros na citada resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 202, o día 10 de outubro de 1999, cómpre face-las oportunas correccións:

Na páxina 12.376, na columna código onde di: «PE.C05.00.000.15770.001», debe dicir: «PE.C05.00.000.15770.002».

Na páxina 12.392, na Delegación Territorial de Lugo (Celeiro) nos postos cos códigos «PE.C99.10.000.27650.030» e «PE.C99.10.000.27650.036» na columna Complemento específico, onde di: «1.330.084», debe dicir: «1.431.060».

Na páxina 12.395, na Delegación Territorial de Pontevedra (Vigo) nos postos cos códigos «PE.C99.10.000.36560.040» e «PE.C99.10.000.36560.046» na columna Complem. específico, onde di: «1.330.084», debe dicir: «1.431.060».

Na páxina 12.402, no Centro de Investigacións Mariñas Corón-Vilanova de Arousa, no posto co código «PE.C99.40.201.36600.002» na columna Complem. específico, onde di: «1.431.060», debe dicir: «1.362.924».

*Corrección de erros.-Resolución do 15 de outubro de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de outubro de 1999, polo que se modifica a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais e do Servizo Galego de Saúde, referente o persoal dos corpos e escalas da Lei 4/1998, do 26 de maio.*

Advertido erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 212, o día 3 de novembro de 1999, cómpre face-la oportuna corrección:

Na páxina 12.879, no posto «Operador entrada de datos-Laboratorio de metabolopatías», onde di: «código de posto: SA.S99.40.101.15770.010», debe dicir: «SA.S99.40.101.15770.008».

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 13 de decembro de 1999 pola que se modifica a autorización ó centro privado de educación especial Agarimo de Laxobre-A Baiuca do concello de Arteixo (A Coruña).*

Examinado o expediente incoado pola dirección do centro privado Agarimo de Laxobre-A Baiuca do concello de Arteixo (A Coruña), en solicitude de autorización para unha unidade de educación especial.

Resultando que a petición recibiu informe favorable da Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.

Vistos a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, o Real decreto 334/1985, do 6 de marzo, de ordenación da educación especial (BOE do 16), a orde minis-

terial do 30 de xaneiro de 1986 (BOE do 4 de febreiro), o Real decreto 1004/1991, do 14 de xuño (BOE do 26), polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral non universitarias, Decreto 320/1996, do 26 de xullo (DOG do 6 de agosto), de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais, Decreto 133/1995, do 10 de maio (DOG do 22), sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias e a Orde do 20 de setembro de 1995 (DOG do 15 de decembro) que desenvolve o antedito decreto.

Considerando que concorren no expediente os requisitos esixidos nas disposicións vixentes para poder acceder ó solicitado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa,

### *DISPÓN:*

Primeiro.-Concederlle a autorización definitiva para 1 unidade de psíquicos ó centro privado de educación especial Agarimo de Laxobre-A Baiuca do concello de Arteixo (A Coruña), segundo os datos que se relacionan no anexo.

Segundo.-Antes do inicio das ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Univesitaria, logo de informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación persoal que impartirá docencia no dito centro.

Terceiro.-O centro deberá cumpri-la norma básica da edificación NBE-CPI/1996, de condicións de protección contra incendios nos edificios, aprobada polo Real decreto 2177/1996, do 4 de outubro (BOE do 29). Todo isto sen prexuízo de que teñan que cumprirse outros requisitos esixidos pola normativa municipal ou autonómica.

Cuarto.-Queda o centro obrigado ó cumprimento da lexislación vixente e a solicita-la oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Quinto.-Contra esta disposición, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 1999.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación Univer-  
sitaria

## ANEXO

Provincia: A Coruña.  
 Concello: Arteixo.  
 Localidade: A Baiuca.  
 Enderezo: Laxobre-A Baiuca.  
 Denominación: Agarimo.  
 Código do centro: 15020431.  
 Titular: *Asociación Agarimo*.  
 Unidades que se autorización: 1 unidade de psíquicos.  
 Composición resultante: total de número de unidades autorizadas: 2 unidades de psíquicos de educación especial.

*Orde do 13 de decembro de 1999 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.*

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas dúas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1995 e 66/1997.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio e o uso do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro individualmente ten que constituír un equipo de normalización lingüística. Este equipo é o que recollen os decretos 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) e 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro), polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos institutos de educación secundaria e das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, respectivamente, decretos que foron desenvolvidos, tamén respectivamente, polas ordes do 22 de xullo e do 1 de agosto de 1997 (publicadas no DOG do 2 de setembro).

Por todo isto, e para axudar a que eses equipos poidan levar a cabo aqueles proxectos extraordina-

rios que incidan na promoción do galego, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## DISPÓN:

## Artigo 1º

1. Convócanse axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva destinadas a contribuír ó financiamento daqueles proxectos que incidan directamente na promoción do galego nas aulas que realicen no curso académico 1999/2000 os equipos de normalización lingüística dos centros de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia. Estes equipos son os constituídos de acordo co establecido nos decretos 324/1996 e 374/1996.

2. Os proxectos e os traballos para os que se solicite axuda serán os contidos na programación anual de actividades elaboradas e aprobadas por cada centro para acadalos obxectivos recollidos nos plans específico e xeral para o uso do idioma galego (artigos 83 e 64 dos decretos 324/1996 e 374/1996, respectivamente) e os obxectivos contemplados no Decreto 247/95.

3. As axudas financiaranse con cargo á aplicación 07.06.353E.226.14 no caso dos centros públicos, e 07.06.353E.471.0 no caso dos centros privados dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000, por unha contía máxima respectiva de 50.000.000 de pesetas (cincuenta millóns), para os centros públicos e 7.000.000 (sete millóns) para os centros privados.

## Artigo 2º

As axudas destinaranse preferentemente a:

1. A adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego, imprescindible para a realización dos proxectos.

2. Os gastos de material necesario para:

a) A elaboración e/ou a disposición dos materiais pedagóxicos precisos para a realización de proxectos que incidan na promoción do galego nas aulas nas diferentes etapas educativas. Ten especial interese a realización de accións e proxectos extraordinarios de promoción do uso do galego nas aulas e na comunidade educativa.

b) A organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

## Artigo 3º

1. Para acceder a estas axudas será necesario que o equipo de normalización lingüística estea formalmente constituído segundo o disposto nos artigos 82 do Decreto 324/1996 e 63 do Decreto 374/1996, e que o seu programa de actividades fose aprobado

polo centro e enviado canda a programación xeral anual á Inspección educativa.

2. Non se lles poderá conceder axuda económica ningunha a aqueles centros que non xustificasen debidamente as axudas que lles fosen concedidas para o ano académico 1998/1999 ó abeiro das ordes do 5 de xaneiro de 1999 (DOG nº 11, do 19 de xaneiro) e Orde do 21 de abril de 1999 (DOG nº 90, do 12 de maio) ou que non cumpran o sinalado no artigo 4.4º desta orde.

En canto ó disposto nos puntos 1 e 2 deste artigo, será a Inspección educativa a que lle presente á correspondente comisión avaliativa citada no artigo 5º desta orde o informe relativo a cada centro.

#### Artigo 4º

1. O prazo de presentación das solicitudes será o dos 20 días seguintes ó da publicación desta orde no DOG.

2. As solicitudes realizaranse utilizando o formulario que figura como anexo a esta orde. Irán asinadas polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e prace do director do centro, e mandaranse á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente, sendo de aplicación o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Canda a solicitude presentárase un proxecto, asinado polo coordinador do equipo de normalización lingüística, co visto e prace do director do centro, no que se especifiquen, englobándoas no punto correspondente do artigo 2º, as actividades previstas para acadar os obxectivos que figuran nos plans específico e xeral para o uso do galego. Con cada unha das accións terá que figura-la súa cuantificación económica.

4. Tanto o proxecto coma as actividades que se realicen para levalo á práctica faranse necesariamente segundo o establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (disposición adicional) e no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre normativización da lingua galega.

#### Artigo 5º

Para o exame e a avaliación das solicitudes constituirase en cada delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha comisión integrada por:

- O delegado provincial, que a presidirá.
- Un representante do Servicio de Plans e Programas do Ensino da Lingua Galega, da Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Un inspector ou inspectora de educación.
- O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística.

-Un funcionario ou funcionaria da delegación provincial, que actuará de secretario.

Unha vez examinadas e avaliadas as solicitudes, as comisións presentaranlle as propostas de concesión ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o cal resolverá.

#### Artigo 6º

1. Antes do 30 de xuño de 2000, cada equipo, coa conformidade da dirección do centro, terá que lles remitir ós gabinetes de normalización lingüística das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha memoria das actividades realizadas durante o ano 2000 para as que se lle concedeu a axuda, e as facturas orixinais, das que non se aboará o IVE, expedidas ó nome do propio centro educativo, correspondentes ós gastos de material ocasionados pola súa realización por un importe igual ó da axuda concedida.

2. Non entrega-las memorias e dos xustificantes de gasto ós que fai referencia o punto 1 deste artigo 6º no prazo sinalado poderá ser causa de revogación da axuda concedida e producirá como efecto a denegación de axuda para o ano académico seguinte, procedendo o centro ó reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan esixir.

3. O seguimento e a avaliación dos traballos para os que se lles conceden as axudas ós equipos e a verificación do cumprimento do establecido nos plans específicos e xeral para o uso do galego nos centros levaraos a cabo a Inspección Educativa, consonte o disposto no artigo 11 do Decreto 247/1995.

4. No caso dos centros privados, estes terán que presentar certificacións expresas de non ter contraído ningunha débeda, por ningún concepto coa Xunta de Galicia, e de estar ó día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### Artigo 7º

O pagamento das axudas concedidas farao a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través das súas delegacións provinciais, logo da xustificación dos interesados.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.- Facúltase o director xeral de Política Lingüística para dictar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.- Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 1999.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Univeritaria



ANEXO



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA OS PROXECTOS E OS TRABALLOS DOS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED101A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

NOME DO CENTRO EDUCATIVO		Nº UNIDADES
ENDEREZO	LOCALIDADE	
CONCELLO	TELÉFONO	NIF

Don / Dona \_\_\_\_\_ coordinador/a do equipo de normalización lingüística do centro antes mencionado,

**SOLICITA:**

Axuda económica para levar a cabo as actividades que se mencionan no proxecto que acompaña esta solicitude, acolléndose ó disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 13 de decembro de 1999, pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional.

**ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA AXUDA**

	<u>CANTIDADE SOLICITADA</u>
1.- A adquisición de material bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego, imprescindible para a realización dos proxectos .....	_____
2.- Os gastos de material necesarios para:	
A) A elaboración e/ou a disposición dos materiais pedagóxicos precisos para a realización de proxectos que incidan na promoción do galego nas aulas das diferentes etapas educativas. Ten especial interese a realización de accións e proxectos extraordinarios de promoción do uso do galego nas aulas e na comunidade educativa .....	_____
B) A organización de programas e actividades en galego, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro .....	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE	
<i>Orde do 13 de decembro de 1999 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros educativos non universitarios da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, primaria, especial, de adultos, secundaria, bacharelato e formación profesional.</i>	
SINATURA DO / DA COORDINADOR / A DO EQUIPO	V. E. P. DO / DA DIRECTOR / A DO CENTRO
, de de	, de de

Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Gabinete de Normalización Lingüística) de

*Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se modifica o concerto educativo cos centros privados Santiago Apóstol de Narón (A Coruña), Santo Cristo de Ourense, Montecastelo de Vigo (Pontevedra) e Victoria de Vigo (Pontevedra).*

Por Orde do 20 de xullo de 1999 (DOG do 23 de agosto e 19 de outubro de modificación) aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta a comunicación da inspección educativa de que os centros privados concertados Santiago Apóstol de Narón (A Coruña), Santo Cristo de Ourense, Montecastelo de Vigo (Pontevedra) e Victoria de Vigo (Pontevedra) non teñen en funcionamento diversos ciclos formativos de grao medio e programas de garantía social por falta de alumnado.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Inspección Eucativa,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Aproba-la diminución, para o curso 1999-2000, do concerto educativo dos ciclos formativos de grao medio e programas de garantía social cos centros que se relacionan:

-Santiago Apóstol de Narón (A Coruña), 1 ciclo medio de comercio.

-Santo Cristo de Ourense, 1 ciclo medio de comercio.

-Montecastelo de Vigo (Pontevedra), 1 ciclo medio de 1º curso de equipos e instalacións electrotécnicas, 1 ciclo medio de 1º curso de equipos electrónicos de consumo e 1 programa de garantía social de auxiliar de electrónica.

-Victoria de Vigo (Pontevedra), 1 ciclo medio de xestión administrativa.

Segundo.-O documento administrativo no que se formalizará a dita modificación do concerto educativo cos referidos centros será asinado polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e polo titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada.

Se o titular do centro privado non subscribíse o documento de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaído no seu dereito.

Terceiro.-As modificacións que por esta orde se aproban terán efectos do 1 de setembro de 1999.

Cuarto.-Contra esta disposición, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo

dun mes, a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro), de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 1999.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, recollendo o que dispoñen a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia, establece que o galego é lingua oficial en Galicia. En consonancia con iso, recoñécelles ós cidadáns o dereito de coñecelo e de usalo. Mais non estaría garantido ese dereito se os cidadáns non tivesen a posibilidade de aumentar, ou iniciar, segundo o caso, o coñecemento e o dominio dos distintos rexistros da lingua propia de Galicia.

Entre as competencias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, recollidas no Decreto 213/1998, figura a promoción e o ensino da lingua galega, competencia que exerce, entre outros medios, a través da organización de cursos do idioma propio de Galicia. A estrutura e o contido destes cursos reguláraos xa a propia consellería mediante unha Orde do 1 de marzo de 1989.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### DISPÓN:

Artigo 1º

1. Anúncianse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua galega, que se realizarán nas

localidades que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, segundo as solicitudes presentadas e a súa distribución xeográfica.

2. O gasto ocasionado pola celebración destes cursos financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 do orzamento xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000, por unha contía máxima de 125.000.000 (cento vintecinco millóns) de pesetas.

3. As retribucións correspondentes son, por analogía ou similitude, as establecidas na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG do 4 de xullo).

#### Artigo 2º

1. Poderán asistir a estes cursos tódalas persoas maiores de idade que o desexen, ben individualmente ou ben agrupadas por colectivos.

2. Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.

3. O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo.

#### Artigo 3º

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas e neles impartiranse os contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento.

2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua, e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma, para o que se aplicarán as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de apto.

#### Artigo 4º

1. O prazo de presentación das solicitudes será o dos 20 días seguintes ó da publicación deste anuncio no DOG.

2. Para a presentación das solicitudes utilizaranse os modelos de formularios que figuran como anexos I e II a esta orde de convocatoria.

As persoas e os colectivos que desexen realizar os cursos en Santiago de Compostela presentarán a solicitude no rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Os demais solicitantes

presentarana no rexistro da delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na provincia á que pertenza a localidade onde queiran realizarlo curso. En ámbolos dous casos é de aplicación o disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro).

3. Os solicitantes do curso de perfeccionamento deberán presentar, canda o formulario de solicitude, a fotocopia compulsada da certificación que acredite que teñen superado o curso de iniciación, ou ben da correspondente validación.

#### Artigo 5º

1. O horario, o lugar de realización e a data de comezo de cada curso determinaraos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Política Lingüística.

2. Sobre a admisión das solicitudes resolverá a correspondente delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, agás no caso daquelas que pidan asistir ós cursos da cidade de Santiago de Compostela, para as cales resolverá a Dirección Xeral de Política Lingüística.

3. As listas de admitidos faranse públicas nos taboleiros de anuncios do Gabinete de normalización lingüística da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria correspondente. Para os cursos que se realicen en Santiago de Compostela, estas listas faranse públicas na Oficina de Información e Atención ó Cidadán da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 6º

Tódalas actividades que se realicen nestes cursos ateranse ó que se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e mais no Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Política Lingüística para dictar no ámbito das súas competencias as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 1999.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO I


**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA**
**SOLICITUDE DE CURSO POR PARTE DUNHA PERSOA INDIVIDUAL**

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA PARA ADULTOS E COLECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

APELIDOS		NOME		NIF	
ENDEREZO					
LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	

**CURSO QUE SOLICITA**

NIVEL	
<input type="checkbox"/> INICIACIÓN	<input type="checkbox"/> PERFECCIONAMENTO
LOCALIDADE ONDE O DESEXA REALIZAR	HORARIO DE PREFERENCIA

NO CASO DE SOLICITAR UN CURSO DE PERFECCIONAMENTO PRESENTA COMO XUSTIFICACIÓN DO DE INICIACIÓN (RISQUE CUN "X" O QUE PROCEDA):

- COPIA COMPULSADA DO CERTIFICADO.  
 COPIA COMPULSADA DA VALIDACIÓN.

LEGISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

\* Director Xeral de Política Lingüística. Santiago de Compostela

\* Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de \_\_\_\_\_

\* Risque o que non proceda

ANEXO II



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA

SOLICITUDE POR PARTE DUN COLECTIVO

PROCEDEMENTO <b>CURSOS DE INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO DE LINGUA PARA ADULTOS E COLECTIVOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED104B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

NOME DO COLECTIVO				NIF	
ENDEREZO					
LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	
NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE EFECTÚA A SOLICITUDE					TELÉFONO

DATOS DO CURSO QUE SE SOLICITA

NIVEL		<input type="checkbox"/> INICIACIÓN	<input type="checkbox"/> PERFECCIONAMENTO
LOCALIDADE ONDE SE VAI REALIZAR		LOCAL DE CELEBRACIÓN (SE SE DISPÓN DEL)	
DÍAS DE CLASE Á SEMANA E HORARIO QUE SE PROPÓN		DATA DE COMEZO DESEXABLE	

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 14 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua galega para adultos e colectivos da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE  _____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

\* Director Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela

\* Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de \_\_\_\_\_

\* Risque o que non proceda

*Orde do 15 de decembro de 1999 pola que se anuncian cursos de iniciación e perfeccionamento de lingua, literatura, historia e cultura galega, para galegos residentes no exterior e persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia.*

O Estatuto de autonomía de Galicia confírelle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en relación coa lingua e coa cultura galegas.

A Lei 3/1983, de normalización lingüística, ordénalle ó Goberno galego que faga uso dos recursos necesarios para que os galegos residentes no exterior poidan dispor de servizos culturais e lingüísticos no idioma propio de Galicia.

Por outra banda, a Lei 4/1983, de recoñecemento da galegüidade, dispón que se lles debe facilitar ás comunidades galegas a organización de cursos de lingua e cultura galegas.

Por todo isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

#### Artigo 1º

Convócanse cursos de iniciación e de perfeccionamento de lingua, literatura, historia e cultura galega, que terán lugar nas localidades e para os centros galegos, asociacións de galegos residentes no exterior e grupos de persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia, que determine a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, segundo se dispón no programa 9 da Orde do 19 de novembro de 1999 (DOG nº 232, do 1 de decembro) tendo en conta as solicitudes recibidas e a dispoñibilidade orzamentaria.

#### Artigo 2º

1. Poderán asistir a estes cursos os galegos residentes no exterior e os seus descendentes, os membros dos citados centros e asociacións, e outras persoas interesadas no idioma e na cultura de Galicia.

2. Para acceder ó curso de perfeccionamento é requisito indispensable ter aprobado ou validado o curso de iniciación.

3. O número de asistentes a cada curso será de 20 persoas como mínimo e de 35 como máximo.

#### Artigo 3º

1. Os cursos terán unha duración de 75 horas. Responderán ós contidos sinalados na Orde do 1 de marzo de 1989, pola que se regulan os cursos de iniciación e de perfeccionamento, e complementaranse cunha visión da historia e da actualidade de Galicia, nos seus aspectos socioeconómicos e culturais.

2. A asistencia ás clases é obrigatoria. A ausencia de cada un dos asistentes non poderá ser superior ó 10% da duración total do curso.

3. A avaliación que se efectúe nestes cursos deberá responder ós principios de formativa e continua, e terá en conta o dominio oral e escrito do idioma,

aplicándose as probas necesarias. Ó remate de cada curso, ós asistentes que superaron as distintas fases da avaliación outorgaráselles un certificado coa cualificación de «apto».

#### Artigo 4º

1. As persoas que desexen asistir a estes cursos presentarán a solicitude nos locais dos centros ou asociacións ós que se alude no artigo 1º, nos prazos que determinen esas propias entidades, e tendo en conta o disposto no programa 9 da Orde do 19 de novembro de 1999 (DOG nº 232, do 1 de decembro).

2. Os solicitantes do curso de perfeccionamento deberán presentar canda a solicitude unha fotocopia compulsada da certificación que acredite que teñen superado o curso de iniciación, ou da correspondente validación.

#### Artigo 5º

A relación de admitidos será aprobada polos centros, asociacións ou grupos de persoas referidos no artigo 1º desta orde.

O horario, o lugar de celebración e a data de comezo de cada curso determinarao a Dirección Xeral de Política Lingüística, en colaboración coa Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas e mais coas asociacións, centros ou grupos respectivos, tal e como se establece no programa 9 da Orde do 19 de novembro de 1999 (DOG nº 232, do 1 de decembro).

#### Artigo 6º

1. O profesorado destes cursos nomearao o director xeral de Política Lingüística tendo en conta os límites establecidos tanto na Lei 53/1984 e Real decreto 598/1985, sobre incompatibilidades, así como no Decreto 156/1988, polo que se declara de interese público a impartición de cursos e actividades de formación de lingua galega, no que respecta ó persoal docente que impartirá estes cursos, feito que se acreditará enviando declaración xurada na que de xeito expreso se poña de manifesto que non incorre nos casos previstos nas disposicións anteriores, contemplando así mesmo que, ó abeiro do disposto no artigo 201 da Lei 13/1995, do 18 de maio, de contratos das administracións públicas, se van designar os profesores docentes, tendo en conta a súa solvencia técnica e científica para impartir as actividades referidas.

O seu pagamento será por conta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo da comprobación da realización do curso. O gasto que este pagamento ocasione financiarase con cargo á partida 07.06.353E.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2000, por unha contía máxima de 37.500.000 (trinta e sete millóns cincocentas mil) pesetas.

2. As retribucións do persoal docente que imparte estes cursos son as establecidas, por analogía, na Orde do 18 de xuño de 1990 (DOG do 4 de xullo).

#### Artigo 7º

Tódalas actividades que se realicen nestes cursos faranse en galego e ateranse, no tocante á normativa

e ó uso correcto do idioma (tal e como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, de normalización lingüística), ó establecido pola Real Academia Galega.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Política Lingüística para dicta-las instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 1999.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

**CONSELLERÍA DE PESCA,  
MARISQUEO E ACUICULTURA**

*Orde do 10 de decembro de 1999 pola que se aproba a reordenación do polígono de bateas denominado Baiona, situado no distrito marítimo de Baiona, provincia de Pontevedra.*

O polígono de bateas denominados Baiona, situado no distrito marítimo de Baiona, foi creado por orde do Ministerio de Comercio do 14 de febreiro de 1974 (BOE do 28 de marzo).

O Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, transfírelle á Xunta de Galicia as competencias en materia de marisqueo e acuicultura con carácter de exclusivas, de acordo co artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e o 148.1º 11 da Constitución. No exercicio destas competencias e no cumprimento do disposto no artigo 1 do Decreto 197/1986, do 12 de xuño, e o 3 do Regulamento para explotación de bateas situadas en zona marítima, aprobado polo Decreto 2559/1961, do 30 de novembro, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, en virtude da Orde do 27-4-1988 (DOG nº 127, do 2 de xullo), declara de interese marisqueiro e urxente execución a revisión e a reordenación do polígono Baiona do distrito marítimo de Baiona.

En consecuencia, unha vez redactado o proxecto e o acordo de reordenación, tramitados conforme co procedemento establecido no Decreto 423/1993, do 17 de decembro (DOG nº 13, do 20 de xaneiro de 1994), e declarado firme o acordo de reordenación por resolución da Dirección Xeral de Recursos Mariños, do 8 de novembro de 1999, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Mariños, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Queda constituído e delimitado o novo polígono A do distrito marítimo de Baiona, que subs-

titúe o antigo Baiona coa capacidade, situación e circunstancias que se indican no anexo desta orde.

Segundo.-As concesións administrativas de bateas existentes no polígono obxecto de reordenación e pertencentes ós concesionarios recoñecidos nas bases de revisión mantéñense nas mesmas condicións das respectivas ordes de outorgamento, excepto no que se refire á cuadrícula ou punto de fondeo, que quedan anuladas por esta orde e substituídas polas cuadrículas asignadas no acordo de reordenación.

Quedarán igualmente rectificadas as concesións no referente ás dimensións do artefacto, número de cordas e cultivo autorizado, que terán que axustarse ás determinacións do Decreto 406/1996, do 7 de novembro (DOG nº 228), e o prazo da concesión, que se limita a 30 anos, conforme coa Lei 6/1993, do 11 de maio.

Terceiro.-Os concesionarios de bateas deberán trasladar os artefactos no prazo máximo de 3 meses, facendo efectiva a toma de posesión das novas cuadrículas. Transcorrido este prazo, a consellería incoará o correspondente expediente de caducidade por aplicación do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, ás concesións das bateas que no estean no punto asignado no acordo de reordenación.

Cuarto.-Os artefactos fondeados no polígono pertencentes a propietarios que non fosen recoñecidos como concesionarios nas bases de revisión e os de propietario descoñecido serán considerados clandestinos, procedendo á súa retirada, en aplicación dos artigos 42 e 44 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro.

Quinto.-As peticións de concesión administrativa de bateas referentes a cuadrículas antes existentes no polígono obxecto de reordenación e que estean en tramitación no momento de entrar en vigor esta orde quedan desestimadas en aplicación do artigo 5 do Decreto 406/1996, do 7 de novembro.

*Disposición derogatoria*

Quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ó disposto nesta orde, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente a Orde do 14 de febreiro de 1974, no relativo ó polígono Baiona do distrito marítimo de Baiona.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999.

P.D. (Orde 17-12-1997,  
DOG nº 246, do 22 de decembro)  
Juan José Álvarez Pérez  
Secretario xeral da Consellería de Pesca,  
Marisqueo e Acuicultura

**ANEXO**


Situación xeográfica dos vértices, segundo as coordenadas obtidas da carta nº 4.167 de portos de Panxón e Baiona, publicada polo Instituto Hidrográfico da Mariña.

Polígono	Vértice	Latitude	Lonxitude
A	A	42°08,7630'N	08°50,1880'W


Polígono	Vértice	Latitude	Lonxitude
B	B	42°08,5960'N	08°50,0000'W
C	C	42°08,4780'N	08°50,1990'W
D	D	42°08,6450'N	08°50,3780'W

Consta de 16 puntos de fondeo ou caudriculas, das que se ocupan 14 con viveiros procedentes do antigo polígono.

**PLANO DE SITUACIÓN DO POLÍGONO**



**PLANO DE SITUACIÓN DAS CUADRÍCULAS**



**CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 3 de decembro de 1999, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, depósito e publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Frigoríficos de Vigo, S.A.*

Visto o expediente do convenio colectivo para a empresa *Frigoríficos de Vigo, S.A.*, con nº de código 3600662, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 30-11-1999, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa e da parte social, polo comité de empresa, en data do 25-11-1999. De conformidade co disposto

no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo desta delegación provincial e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.



Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 3 de decembro de 1999.

Antonio Coello Bufill  
Delegado provincial de Pontevedra

*Frigoríficos de Vigo, S.A.*  
Convenio colectivo 1999-2000

Título I  
Disposicións xerais  
Capítulo I  
Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º.-Obxecto.

Este convenio regula as condicións de traballo entre a empresa *Frigoríficos de Vigo, S.A.* e os traballadores vinculados a ela mediante relación laboral establecida en virtude das distintas modalidades contractuais recollidas pola lexislación vixente en cada momento e de acordo co disposto nos artigos seguintes.

Artigo 2º.-Partes concertantes.

As partes concertantes deste convenio son o comité de empresa e a dirección da empresa.

Artigo 3º.-Ámbito territorial.

As normas contidas neste convenio afectarán exclusivamente ós centros de traballo da empresa na rúa Jacinto Benavente, 3 e no Porto Pesqueiro, dársena 4, en ámbolos dous casos en Vigo.

Artigo 4º.-Ámbito persoal.

Queda afectado por este convenio todo o persoal que se atope prestando servizos na empresa.

Artigo 5º.-Ámbito temporal.

a) Vixencia.

O convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOP e producirá efectos económicos a partir da data da súa sinatura o día 25 de novembro de 1999 segundo resulta da acta de acordo final, se ben os seus efectos económicos se retrotraerán ó 1 de novembro de 1999.

b) Duración e denuncia.

Duración: a duración do convenio será de catorce (14) meses contados desde o día 1 de novembro de 1999 ó 31 de decembro de 2000, calquera que sexa o momento da súa publicación no BOP.

Denuncia: o convenio quedará automaticamente denunciado á súa finalización, dándose a parte social e económica por notificadas.

En consecuencia, a totalidade da regulación contida no convenio colectivo manterase en vigor desde a data de finalización da súa vixencia ata a súa substitución por un novo convenio colectivo, co

carácter de condicións desfrutadas colectivamente polos traballadores afectados.

## Capítulo II Normas de aplicación

Artigo 6º.-Lexislación supletoria.

En todo o non previsto neste convenio será de aplicación o establecido na lexislación vixente.

Artigo 7º.-. Compensación e absorción de melloras.

As melloras económicas contidas neste convenio serán consideradas como un todo orgánico e indivisible e, nesta forma global, poderán compensarse coas que anteriormente puideran existir ou que poidan establecerse sobre os mínimos regulamentarios, calquera que fose a orixe, a denominación ou forma en que estiveran contidas.

Artigo 8º.-Garantías persoais.

A empresa respectará as condicións máis beneficiosas de carácter voluntario ou por convenio que viñese desfrutando o persoal.

Artigo 9º.-Vixilancia/interpretación.

Para velar pola aplicación e cumprimento do estipulado neste convenio, créase unha comisión mixta formada por dous membros designados pola dirección de empresa e outros dous membros designados pola representación dos traballadores.

A súa función será a de interpreta-lo convenio, a conciliación dos problemas presentados e a vixilancia do pactado, manténdose sempre dentro do ámbito das normas legais que regulan os convenios colectivos. Reunirase tantas veces sexa preciso por petición de calquera das partes.

## Capítulo III Principios informadores da relación laboral

Artigo 10º.-Aseguraza de calidade.

Os traballadores e a dirección, convencidos de que a calidade é a fonte determinante do desenvolvemento e progreso da empresa e garantía para a súa perennidade, comprométese á posta en común das súas competencias ó servizo dunha mellor comprensión e satisfacción das necesidades dos clientes.

Artigo 11º.-Rigor profesional.

O persoal colaborará activamente coa dirección para lograr un alto nivel de eficacia e produtividade actuando profesionalmente con rigor e determinación no desenvolvemento do seu traballo, informando os seus superiores de cantas deficiencias puidesen encontrar nos produtos, materiais, equipos ou útiles co fin de que estas poidan ser previstas ou emendadas de maneira inmediata pola dirección.

Artigo 12º.-Relacións de cooperación e respecto mutuos.

O persoal da empresa está especialmente obrigado a manter entre si así como cos clientes e provedores, relacións profesionais de cooperación sendo a cor-

tesía, máximo respecto, consideración e traballo en equipo, as condicións esixibles.

Título II  
Organización do traballo  
Capítulo I

Facultades de dirección e organización

Artigo 13º.-Norma xeral.

A organización práctica do traballo é facultade exclusiva da dirección e, polo tanto, élle potestativo adoptar cantos sistemas de racionalización, automatización e modernización xulgue precisos, así como a reestructuración das seccións, variacións de postos de traballo, mobilidade persoal, modificación de quendas e, en xeral, canto poida dirixir ó progreso técnico da empresa, sempre que non se opoña ó establecido nas disposicións vixentes na materia, segundo o artigo 20 do Estatuto dos traballadores.

Expresamente recoñéceselle á dirección a facultade de sinala-las tarefas complementarias, así como as máquinas e instalacións que deba atender cada traballador dentro das súas seccións, co fin de conseguir unha plena ocupación del, sempre que iso non supoña vexación ou menoscabo da súa misión laboral.

A dirección da empresa comunicaralle ó comité de empresa coa antelación suficiente, todas aquelas cuestións de importancia relacionadas coa organización do traballo.

Sen mingua da facultade aludida no parágrafo primeiro, os representantes dos traballadores terán funcións de orientación, proposta e emisión de informes no relacionado coa organización e racionalización do traballo, de conformidade coa lexislación vixente.

Título III  
Réxime de persoal  
Capítulo I

Incorporación do persoal e progresión profesional

Artigo 14º.-Contratación.

A empresa, de acordo coas súas necesidades, poderá empregar cantas modalidades de contrato de traballo, que axustándose á natureza do emprego de que se trate, sexan recollidas pola lexislación vixente en cada momento.

A contratación de traballadores realizarase sempre por escrito, entregando a empresa ós representantes legais dos traballadores a copia básica dos contratos que se subscriban. Toda contratación realizarase dentro do marco de clasificación profesional establecido no anexo II deste convenio.

Terán dereito preferente a ocupa-las vacantes que se produzan os fillos dos traballadores, sempre que reúnan as condicións requiridas para o posto, sendo preceptivo o informe do comité de empresa.

Cando a empresa precise persoal eventual, igualmente terán dereito preferente os fillos dos traballadores que reúnan os requisitos esixidos para o posto.

Artigo 15º.-Provisión de vacantes e ascensos.

Todo o persoal da empresa terá, en igualdade de condicións, preferencia para cubri-las vacantes de praza de superiores categorías que naquela poidan producirse.

Os ascensos e provisión de vacantes rexerán para tódalas categorías e en igualdade de condicións, cos seguintes criterios:

-Polas regras xerais da existencia de vacantes, probas de aptitude e concurso das categorías inferiores, conxuntamente considerados os ditos conceptos e aténdose á titulación e capacitación que se requira para cubri-las ditas vacantes.

En caso de igualdade de condicións, primará a antigüidade.

-Os delegados de persoal ou comité de empresa elaborarán, conxuntamente coa empresa, as normas para o concurso de provisión de vacantes ou ascensos, entendendo así mesmo sobre as reclamacións producidas. De non mediar acordo sobre estas, resolverá a autoridade laboral.

-A empresa conxuntamente co comité elaborará un programa para a formación profesional previamente á provisión de vacantes ou ascensos.

-Fíxanse os períodos máximos que o persoal pode permanecer nos distintos niveis das categorías, segundo o cadro seguinte, non existindo informes contradictorios por parte do comité de empresa ou os mandos responsables dos traballadores incursos no ascenso:

<u>Nivel categoría</u>	<u>Tempo</u>
De nivel inferior a nivel 4	6 meses
De nivel 4 a nivel 3	2 anos
De nivel 3 a nivel 2	2 anos
De nivel 2 a nivel 1	1 ano

Capítulo II  
Permisos e licencias

Artigo 16º.-Permisos.

A empresa poderá conceder permisos sen dereito a retribución, sempre que as esixencias do servizo así o permitan, ata un máximo de sete días e de común acordo entre a empresa e o comité.

Artigo 17º.-Licencias.

A empresa concederá licencias retribuídas a tódolos traballadores nos termos que seguen:

Matrimonio do produtor: 15 días.

Enfermidade grave do cónxuxe e parto da esposa: 5 días.

Enfermidade grave de ascendentes e descendentes: 3 días.

Falecemento do cónxuxe: 5 días.

Falecemento de pais e fillos do traballador: 3 días.

Falecemento de irmáns e avós do traballador: 2 días.

Falecemento de pais, fillos, irmáns políticos do traballador: 2 días.

Falecemento de tíos, curmáns e sobriños do traballador: 1 día.

Falecemento de tíos e avós políticos do traballador: 1 día.

Por traslado do domicilio habitual: 2 días.

Por cumprimento dun deber inescusable de carácter público: o tempo necesario.

En todo caso, no que respecta a dereitos ou situacións nas que a condición do cónxuxe sexa a causa, entenderase que, no seu defecto, a condición de convivencia continuada dará lugar ós mesmos dereitos e situacións.

A empresa poderá solicitar do traballador a presentación de informe médico que xustifica a gravidade da enfermidade orixe da licencia.

Cando o traballador que solicite licencia por razón de matrimonio, conte con máis de catro meses de servizo na empresa non lle será rateable o tempo para o seu desfrute.

### Capítulo III

#### Suspensión e resolución da relación laboral

##### Artigo 18º.-Excedencias.

Acordan as partes someterse nesta materia ó que resulte da regulación vixente contida no Estatuto dos traballadores.

Artigo 19º.-Aviso previo de resolución do contrato polo traballador.

Os traballadores que desexen cesar na empresa resolvendo voluntariamente o seu contrato de traballo, con excepción daqueles que se atoparan no período de proba, estarán obrigados a avisar previamente da dita circunstancia cos seguintes prazos de antelación:

<u>Categoría</u>	<u>Prazo de aviso previo</u>
Persoal non cualificado	7 días naturais
Persoal cualificado	15 días naturais
Administrativos	30 días naturais
Técnicos	60 días naturais

O incumprimento de aviso previo coa referida antelación, daralle dereito á empresa a descontar da liquidación do traballador unha contía equivalente ó importe do seu salario diario por cada día de atraso no aviso, cun máximo de 15 días naturais.

### Título IV

#### Réxime de traballo

##### Capítulo I

#### Xornada de traballo, horario e descansos

##### Artigo 20º.-Xornada.

A xornada de traballo terá unha duración durante o presente ano e o 2000 de 1.800 horas en cómputo

anual de traballo efectivo. A súa distribución será semanal, segundo horario autorizado pola Consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais.

##### Artigo 21º.-Horario de traballo.

O persoal de máquinas e despacho de xeo suxeitarase ás quendas establecidas para cada actividade.

O resto do persoal traballará en xornada partida de luns a venres, de 8 a 13 horas e de 14 a 17 horas.

##### Artigo 22º.-Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias, pola súa natureza, serán voluntarias de acordo coa lexislación vixente.

En momentos en que pola carga de traballo resulte precisa unha importante actividade do cadro de persoal, poderá solicitarse dos traballadores a realización de horas extraordinarias de carácter estrutural como as ocasionadas pola descarga, estiba e carga de camións, pola natureza perecedeira das mercadorías que se manipulan, a subministración de xeo ós barcos pesqueiros, así como as esixidas pola reparación de avarías e as necesarias para atender a períodos punta de produción.

As horas extraordinarias poderán ser cobradas ou compensadas con descanso a razón de 1,75 horas normais por hora extraordinaria normal realizada e dúas horas por cada hora en sábados, domingos e festivos.

Ó levar acumuladas 23 horas extraordinarias, dará lugar ó descanso dunha semana de compensación que se desfrutará nun tempo máximo non superior a tres meses.

Os traballadores poñeranse de acordo cos seus encargados ou xefes directos para comunicar cál das dúas opcións elixen. Este acordo deberá realizarse sempre antes do día tope de peche de nómina (día 25 de cada mes).

En calquera caso, as horas extraordinarias terán un incremento do 75% sobre a hora normal obtido en xornada laboral e do 100% en sábados, domingos e festivos.

##### Artigo 23º.-Control de traballo.

Control de traballo: tódolos operarios se comprometen a efectuar as anotacións oportunas que se precisen para o eficaz control dos traballos efectuados, a través dos medios que en cada momento estean establecidos pola empresa.

##### Artigo 24º.-Vacacións. Duración e desfrute.

###### a) Duración.

Tódolos traballadores gozarán dunhas vacacións anuais de 30 días naturais.

Os traballadores que na data determinada para o desfrute das vacacións non completasen un ano de permanencia na empresa, desfrutarán un número de días proporcionais ó tempo efectivo de prestación de servizos.

O período de vacacións retribuirase co importe do salario, antigüidade, gratificación voluntaria e penosa que de cada categoría profesional se especifica na táboa salarial anexa.

Artigo 25º.-Cargas e descargas.

Os menores de 18 anos só poderán efectuar labores de carga, descarga e carrega de pesos non superiores a 20 kg.

Título V  
Réxime de retribucións  
Capítulo I  
Estructura retributiva

Artigo 26º.-Xeral.

O persoal afectado por este convenio percibirá desde a data da súa entrada en vigor e ata o 31 de decembro de 1999 un incremento do 2,75% sobre tódolos conceptos segundo a súa categoría profesional, tal cal queda reflectido na táboa salarial anexa.

Para o ano 2000 a táboa salarial citada incrementarase nun 2,75% sobre tódalas columnas.

No suposto de que o IPC real fose superior a ese 2,75% a empresa aboaralles ós traballadores a diferenza existente.

Artigo 27º.-Complemento de posto de traballo.

O persoal afectado por traballos de carácter penoso, perigoso, tóxico, etc., percibirá por cada día de traballo complementos salariais na contía dun 10% do salario que lle corresponda, segundo a súa categoría profesional e de acordo co especificado na táboa salarial anexa.

Establécese unha prima para os traballadores mentres desenvolvan o seu traballo no interior das cámaras frigoríficas a temperaturas iguais ou inferiores a -18º, que consistirá nun 20% sobre o salario base.

Artigo 28º.-Antigüidade.

Tódolos traballadores afectados por este convenio desfrutarán de aumentos periódicos por anos de servizo, como premio á súa vinculación á empresa, consistentes en cuadrienios ilimitados dun 6% calculados sobre o salario base que lles corresponde, segundo a súa categoría profesional, de acordo coa táboa salarial anexa.

Artigo 29º.-Gratificacións extraordinarias.

a) Xullo e Nadal.

A empresa aboaralle a todo o persoal, en concepto de gratificacións extraordinarias en xullo e decembro, o importe dunha mensualidade que se fixa na táboa salarial e tódolos seus complementos, máis antigüidade, que en cada caso corresponda. Estas gratificacións serán aboadas os días 15 de xullo e 15 de decembro, respectivamente.

b) Virxe das Neves.

O día 5 de agosto, festividade da Virxe das Neves, todo o persoal da empresa percibirá unha gratifi-

cación de 10 días que se fixa na táboa salarial e tódolos seus complementos, máis antigüidade que, en cada caso, corresponda.

c) Beneficios.

A participación en beneficios na contía que aprobe a xunta xeral da empresa, farase efectiva entre os meses de marzo/abril.

A dirección da empresa e mailo comité estudiarán conxuntamente a contía individualizada que percibirán os traballadores.

Ó persoal que ingresase no transcurso do ano ou que cesase durante este, aboaránselle as gratificacións extraordinarias precedentes rateando o seu importe por doceavas partes en relación ó tempo transcorrido desde a data do seu ingreso, para os primeiros ou desde a última paga devengada, para os segundos, para o cal a fracción de mes se computará como fracción completa.

Artigo 30º.-Complemento por xornada continuada.

O persoal suxeito actualmente a quendas de traballo en xornada continua de oito horas percibirá a cantidade de 440 ptas. por cada día de traballo efectivo.

Este importe incrementarase no ano 2000 en 2,75% e en convenios sucesivos coa mesma porcentaxe que supoña o aumento salarial.

Artigo 31º.-Aboamento do salario.

a) Liquidación.

A liquidación dos devengos efectuarase mensualmente computándose as incidencias do 26 de cada mes ó 25 do seguinte e efectuándose o aboamento o último día hábil do mes.

b) Descontos por faltas ó traballo.

Tódalas faltas ó traballo que non teñan o carácter legal de retribuídas, descontaranse na liquidación da nómina inmediata a razón do valor profesional que lle corresponda ó afectado.

Título VI  
Política social  
Capítulo I

Beneficios de carácter asistencial

Artigo 32º.-Complemento por incapacidade temporal.

En caso de accidente laboral, a empresa complementará cun 25% as prestacións que lle correspondan ó traballador, calculadas sobre a base de accidentes, a partir do día da baixa.

En caso de hospitalización ou intervención cirúrxica e durante o período de convalecencia, ata un máximo de 30 días, a empresa pagará ou complementará as prestacións da Seguridade Social para que os traballadores perciban o 100% do salario real.

Cando por razón de enfermidade, o traballador precise a asistencia a consultorio médico, en horas coin-

cidentes coa súa xornada laboral, a empresa concederá o tempo necesario para a consulta médica (traerá xustificante de asistencia e hora de saída do médico).

A empresa facilitaralle ó traballador un xustificante para que poida ser selado polo consultorio médico.

Artigo 33º.-Xubilacións anticipadas.

A empresa e os traballadores poderán pactar xubilacións anticipadas ós 64 anos de conformidade co disposto no Real decreto lei 14/1981, do 20 de agosto, e Real decreto 2705/1981, do 19 de outubro, debendo a empresa cubri-las ditas vacantes con traballadores que sexan titulares do dereito a calquera das prestacións económicas por desemprego, o mozo ou moza demandante de primeiro emprego, mediante un contrato da mesma natureza.

Todo traballador que, por razón de idade, se xubile ou cause baixa na empresa a consecuencia dunha invalidez permanente absoluta ou falecemento e leve nela un mínimo de cinco anos, terá unha indemnización a tanto alzado na contía de 20.000 ptas. incrementadas estas noutras 15.000 ptas. por cada ano de servicio, ata un máximo de 150.000 ptas.

Artigo 34º.-Reserva de posto de traballo.

A empresa quedará obrigada a incorporar a un posto de traballo adecuado a todo traballador que quedase incapacitado parcial ou totalmente para o seu traballo habitual, sempre que tal posto exista no cadro de persoal, percibindo as retribucións propias do posto de traballo que puidese ocupar.

### Capítulo III

#### Servicios e atencións sociais

Artigo 35º.-Fondo de atencións sociais.

A empresa destinará cincocentas mil pesetas para cada ano de vixencia do convenio ó fondo social, que serán distribuídas polo comité de empresa para bolsas de estudos e outros fins sociais.

### Título VII

#### Saúde laboral e seguridade no traballo

Artigo 36º.-Principios xerais.

Para estes efectos, haberá que averse ó disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais.

Artigo 37º.-Vestiario.

A empresa proverá ó persoal do seguinte vestiario de uso obrigatorio durante a xornada laboral:

-Para todo o persoal:

Dous monos ou pezas similares, botas, luvas e dous pares de peúgos de la ou similares, con duración dun ano.

-Para o persoal que efectúe traballos en cámaras ou túneles de conxelación.

Un equipo completo de chaqueta e pantalón ou funda isotérmica, con duración de tres anos como

máximo. Un xogo de botas de media cana ou zapatos especiais para o frío e luvas impermeables, con duración dun ano.

-Para o persoal de máquinas e de xeo:

Un chaquetón cada tres anos.

### Título VIII

#### Dereitos de representación e reunión

##### dos traballadores

#### Capítulo I

##### Dereitos de representación

Artigo 38º.-Crédito de horas sindicais.

Cada un dos membros do comité de empresa dispoñerá dun crédito de 20 horas mensuais retribuídas para o exercicio das súas funcións de representación da empresa e dos seus traballadores.

Artigo 39º.-Acumulación de horas sindicais.

O comité poderá acumular este crédito de horas que a cada membro corresponda, nun ou máis compositores del, debéndose comunicar por escrito mensualmente á empresa e autorizándoo expresamente cada un dos interesados.

Non se incluírá no cómputo de horas o tempo empregado en actuacións e reunións levadas a cabo por iniciativa da empresa.

### Capítulo II

#### Dereito de reunión

Artigo 40º.-Asembleas de traballadores.

A empresa facilitará a celebración de asembleas no seu recinto, que se desenvolverán dentro da última hora da xornada, sempre que non coincida cunha saturación de traballo e ata un máximo de 12 horas/año.

### Título IX

#### Faltas e sancións

#### Capítulo I

##### Facultade sancionadora e graduación das faltas

Artigo 41º.-Facultade sancionadora.

Os traballadores poderán ser sancionados pola dirección da empresa de acordo coa graduación das faltas e sancións que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 42º.-Graduación das faltas.

Toda falta cometida por un traballador clasifícase atendendo á súa importancia, transcendencia ou intención, en leve, grave ou moi grave.

Artigo 43º.-Faltas leves.

Considéranse faltas leves as seguintes:

1. As faltas de puntualidade non xustificadas ata cinco nun mes, na asistencia ó traballo con atraso superior a cinco minutos e inferior a trinta no horario de entrada.

2. Non comunicar en tempo oportuno a baixa correspondente cando se falte ó traballo por motivo

xustificado, a non ser que se probe a imposibilidade de o efectuar.

3. O abandono do servizo sen causa fundada, aínda que sexa por breve tempo. Se como consecuencia del se orixinase prexuízo dalgunha consideración á empresa ou fose causa de accidente ós seus compañeiros de traballo, esta falta poderá ser considerada como grave ou moi grave segundo os casos.

4. Non atende-lo público coa corrección e dilixencia debidas.

5. Non comunicarlle á empresa os cambios de residencia ou domicilio.

6. As discusións sobre asuntos estraños ó traballo dentro das dependencias da empresa. Se tales discusións produciran escándalo notorio, poderán ser consideradas como faltas graves ou moi graves.

7. Faltar ó traballo un día ó mes sen causa xustificada.

Artigo 44º.-Faltas graves.

Consideraranse faltas graves as seguintes:

1. Máis de oito faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ó traballo durante un período dun mes.

2. Ausencias sen causa xustificada por dous días durante un período dun mes.

3. Non comunicar coa puntualidade debida os cambios experimentados na familia que poidan afectar á Seguridade Social. A falta maliciosa destes datos considerárase como falta moi grave.

4. A simulación de enfermidade ou accidente.

5. A desobediencia ós seus superiores en calquera materia de traballo. Se implicase quebranto manifesto da disciplina ou dela se derivase prexuízo notorio para a empresa, poderá ser considerado como falta moi grave.

6. Simula-la presenza doutro traballador fichando, contestando ou asinando por el.

7. A imprudencia en acto de traballo. Se implicase risco de accidente para o traballador, para os seus compañeiros ou perigo de avaría para as instalacións, poderá ser considerada como moi grave.

8. Realizar, sen o oportuno permiso, traballos particulares durante a xornada, así como empregar ferramentas da empresa para usos propios.

9. A reincidencia en falta leve (excluída a de puntualidade), aínda que sexa de distinta natureza, dentro dun trimestre e tendo mediado comunicación escrita.

Artigo 45º.-Faltas moi graves.

Consideraranse como faltas moi graves, as seguintes:

1. Máis de quince faltas non xustificadas de puntualidade cometidas nun período de seis meses ou trinta durante un ano.

2. A fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións encomendadas e o furto ou roubo, tanto na empresa como ós compañeiros de traballo ou a calquera outra persoa dentro das dependencias da empresa ou durante o traballo en calquera outro lugar.

3. Facer desaparecer, inutilizar, estragar ou causar deterioracións en primeiras materias, útiles, ferramentas, maquinaria, aparatos, instalacións, edificios, utensilios e documentos da empresa.

4. A condena por delicto ou roubo, furto ou malversación cometida fóra da empresa que poidan implicar para esta desconfianza respecto do seu autor e, en todo caso, a de duración superior a seis anos, dictada polos tribunais de xustiza.

5. A embriaguez habitual na empresa.

6. Viola-lo segredo da correspondencia ou documentos reservados da empresa ou revelar a elementos estraños a ela datos de reserva obrigada.

7. Os malos tratos de palabra ou obra, abuso de autoridade, falta grave de respecto e consideración ós xefes, así como ós compañeiros e subordinados.

8. Causar accidentes graves por negligencia ou imprudencia.

9. Abandona-lo traballo en posto de responsabilidade sen causa xustificada.

10. A reincidencia en falta grave, da mesma natureza (excluída a puntualidade), sempre que se cometa dentro dos seis meses seguintes sen terse producido a primeira.

11. O abuso de autoridade por parte dos xefes. O que o sufra poñerá inmediatamente en coñecemento do director da empresa e delegado de persoal ou comité de empresa.

Artigo 46º.-Sancións.

As sancións máximas que poderán impoñerse en cada caso, atendendo á gravidade da falta cometida, serán as seguintes:

a) Por faltas leves:

-Amoestación verbal.

-Amoestación por escrito.

b) Por faltas graves:

-Suspensión de emprego e soldo dun a dez días.

c) Por faltas moi graves:

1. Por falta moi grave: suspensión de emprego e soldo de once a trinta días.

2. Reincidencia en falta moi grave: inhabilitación por un período non superior a dous anos para o ascenso. Despedimento.

Artigo 47º.-Prescrición de faltas.

As faltas leves prescribirán ós dez días, as graves ós vinte días e as moi graves ós sesenta días a partir da data da súa comisión e, en todo caso, ós seis meses de terse cometido.

Artigo 48º.-Formalidades da imposición de sancións.

Correspóndelle á empresa a facultade de impoñer sancións nos termos do estipulado neste convenio.

A sanción das faltas graves requirirá comunicación escrita motivada ó traballador e a das faltas moi graves esixirá tramitación de expediente ou procedemento sumario en que sexa oído o traballador afectado.

En calquera caso, a empresa dará conta ó comité de empresa ou delegados de persoal, ó mesmo tempo que ó propio afectado, de toda sanción que se impoña.

Artigo 49º.-Prescrición.

A facultade da empresa para sancionar caducará para as faltas leves ós tres días, para as faltas graves, ós quince días, e para as moi graves, ós trinta días a partir da data en que aquela tivo coñecemento da súa comisión.

### ANEXO I

#### Clasificación profesional

O persoal afectado polo convenio que preste os seus servizos na empresa quedará comprendido de acordo coa función que desempeñe dentro dos grupos xenéricos seguintes:

- A. Técnicos.
- B. Administrativos.
- C. Subalternos.
- D. Obreiros.

Grupo A. Técnicos.

Comprende, á súa vez, dous subgrupos coas seguintes categorías:

- 1. Técnicos titulados.
  - a) Con título superior.
  - b) Con título non superior.
- 2. Técnicos non titulados.
  - a) Xefe técnico de fabricación.
  - b) Encargado xeral.
  - c) Xefe de máquinas.
  - d) Encargado de sección.
  - e) Encargado de taller.

Grupo B. Administrativos.

Compóñeno as seguintes categorías:

- a) Xefe de 1ª.
- b) Xefe de 2ª.
- c) Oficial de 1ª.

d) Oficial de 2ª.

e) Oficial de 3ª.

f) Auxiliar de 1ª.

g) Auxiliar de 2ª.

h) Auxiliar de 3ª.

i) Auxiliar de 4ª.

j) Aspirante.

Grupo C. Subalternos.

Comprende as seguintes categorías:

- a) Vixilante de cámaras.
- b) Vixilante.
- c) Mozo dos recados.
- d) Oficial de limpeza.
- e) Auxiliar de limpeza de 1ª.
- f) Auxiliar de limpeza de 2ª.
- g) Auxiliar de limpeza de 3ª.

Grupo D. Obreiros.

Comprende tres subgrupos coas categorías que se detallan:

- 1. Oficios propios da industria do frío.
  - a) Maquinista.
  - b) Maquinista B.-Oficial de 2ª.
  - c) Axudante de máquinas.
  - d) Axudante de máquinas de 1ª.
  - e) Axudante de máquinas de 2ª.
  - e) Axudante de máquinas de 3ª.
  - f) Axudante de máquinas de 4ª.
- 2. Oficios auxiliares.
  - a) Oficial de 1ª.
  - b) Oficial de 2ª.
  - c) Oficial de 3ª.
  - d) Empacadora.
  - e) Auxiliar empacadora de 1ª.
  - f) Auxiliar empacadora de 2ª.
  - g) Auxiliar empacadora de 3ª.
  - h) Aprendiz.
- 3. Peonaxe.
  - a) Capataces.
  - b) Peón especializado de 1ª.
  - c) Peón especializado de 2ª.
  - d) Peón especializado de 3ª.
  - e) Peón.

As categorías especificadas anteriormente teñen carácter enunciativo e non implican a obriga de ter previstas todas elas, se a necesidade e o volume da industria non o require.

Sen embargo, todo traballador que realice as funcións especificadas na definición dunha categoría profesional determinada haberá de ser remunerado,

polo menos, coa retribución que a ela lle asigne este convenio unitario.

Son así mesmo enunciativos os distintos cometidos sinalados a cada categoría ou especialidade pois todo traballador da industria está obrigado a realizar cantas tarefas e operacións lle ordenen os seus superiores, dentro dos xerais cometidos propios da súa categoría profesional.

#### ANEXO II

Código categoría	Categorías	Salario base	Gratificación voluntaria	Complemento distancia	Total
1	Título superior	105.390	127.770	5.520	238.680
14	Oficial 1ª administrativo	87.660	102.180	5.520	195.360
20	Oficial 2ª administrativo	71.310	93.960	5.520	170.790
31	Oficial 3ª administrativo	71.310	56.370	5.520	133.200
41	Auxiliar administrativo N-1	71.310	50.820	5.520	127.650
43	Auxiliar administrativo N-2	71.310	33.660	5.520	110.490
44	Auxiliar administrativo N-3	71.310	17.100	5.520	93.930
45	Auxiliar administrativo N-4	69.270		5.520	74.790
51	Maquinista	71.310	62.430	5.520	139.260
52	Maquinista B	71.310	59.550	5.520	136.380
53	Axudante de máquinas	71.310	56.520	5.520	133.350
54	Axudante de máquinas N-1	71.310	50.820	5.520	127.650
55	Axudante de máquinas N-2	71.310	33.660	5.520	110.490
56	Axudante de máquinas N-3	71.310	17.100	5.520	93.930
57	Axudante de máquinas N-4	69.270		5.520	74.790
61	Encargados/capataces	71.310	65.340	5.520	142.170
62	Oficial de 1ª	71.310	62.430	5.520	139.260
63	Oficial de 2ª	71.310	59.550	5.520	136.380
64	Oficial de 3ª	71.310	56.520	5.520	133.350
65	Peón especializado N-1	71.310	53.640	5.520	130.470
66	Peón especializado N-2	71.310	50.320	5.520	177.650
67	Peón especializado N-3	71.310	33.660	5.520	110.490
68	Peón especializado N-4	71.310	17.100	5.520	93.930
69	Peón	69.270		5.520	74.790
71	Empacadora	71.310	50.820	5.520	127.650
72	Auxiliar de empacadora N-1	71.310	33.660	5.520	110.490
73	Auxiliar de empacadora N-2	71.310	17.100	5.520	93.930
74	Auxiliar de empacadora N-3	69.270		5.520	74.790
81	Limpeza	71.310	50.820	5.520	127.650
82	Auxiliar limpeza N-1	71.310	33.660	5.520	110.490
83	Auxiliar limpeza N-2	71.310	17.100	5.520	93.930
84	Auxiliar limpeza N-3	69.270		5.520	74.790
85	Auxiliar Mani. N-3	69.270		5.520	74.790

### CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE

*Orde do 29 de decembro de 1999 pola que se regulan os servizos e adxudicación de estadias nas residencias de tempo libre dependentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e menores, e o Decreto 488/1997, do 26 de decembro, modificado polo Decreto 117/1999, do 23 de abril, atribúelle á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude as competencias neste sector.

Considerando que a institución familiar é a matriz natural na configuración do lecer, e dispoñendo a Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude dos equipamentos materiais das residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, é polo que se ofertan pola presente quendas de estadias nas devanditas residencias, co fin de favorecer a comunicación e participación persoal e socio-familiar.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta presente orde ten por obxecto regula-lo procedemento de adxudicación de estadias e servizos das residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, sitas nas localidades de Panxón (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense) respectivamente e depen-



dentes da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

#### Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán ser destinatarios tódalas persoas maiores de idade ou menores sempre que vaian acompañados dos seus pais ou titores legais.

#### Artigo 3º.-Tipos de servicio.

##### 1. Servicio de residencia.

O servicio de residencia consistirá no aloxamento e manutención en réxime de pensión completa durante a quenda adxudicada ó beneficiario.

As quendas e tempadas ofertadas detállanse no anexo II desta orde.

##### 2. Servicios para non residentes.

Poderán desfrutar do servicio de comedor os familiares e amigos dos residentes que veñan visita-la instalación, segundo as normas para a provisión de prazas que determine o director/a de cada residencia, e sen prexuízo da lóxica prioridade que se outorgue e se garanta ós residentes.

3. Os prezos, tanto para os servicios de residencia como para os non residentes, establécense para tal efecto segundo o Decreto 73/1994, do 25 de marzo, polo que se fixan as tarifas de prezos relativas ás residencias de tempo libre. As quendas e tempadas para o ano 2000 detállanse no anexo II.

#### Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

Farase unha soa solicitude por quenda e unidade familiar, segundo o modelo oficial do anexo I e xuntarase, así mesmo, a fotocopia do DNI do solicitante.

As solicitudes de estadías deberán dirixirse por escrito ó director/a da residencia de tempo libre.

Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes remitiranse ás residencias de tempo libre de Panxón e O Carballiño, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Admitiranse tamén as solicitudes que se reciban a través de fax.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase o día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de marzo de 2000.

#### Artigo 6º.-Requirimento de emenda.

Os directores das respectivas residencias comprobarán que os expedientes reúnen tódolos requisitos esixidos nesta orde e procederán a reclamarlles por escrito ós interesados a falta ou os documentos preceptivos para poder resolver-lo expediente, co apercibimento de que se así non se fixese nun prazo de 10 días, se terá por desistida a súa petición de acordo co artigo 71.1º da Lei 3/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá dictarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

#### Artigo 7º.- Adxudicación de estadías.

A distribución das prazas será compartida nun 50% entre a residencia e as centrais sindicais de máis representación, con bases nos resultados obtidos nas últimas eleccións sindicais.

A adxudicación de estadías efectuarase por sorteo de datas, que será público e terá lugar ante o/a delegado/a da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, tendo en conta as datas de recepción e rexistro nas residencias de tempo libre, contando desde o día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de marzo. Todas estas datas entran en sorteo e delas sairá unha que será pola que se iniciará a adxudicación das prazas, ata cubri-lo total de cuartos dispoñibles.

Non se adxudicarán prazas por máis dunha quenda durante a tempada de verán.

#### Artigo 8º.-Resolución.

Correspóndelle ó/a delegado/a provincial competente a resolución das adxudicacións das estadías, levantando acta do devandito sorteo e remitindo o resultado ós respectivos directores das residencias os cales notificarán ós interesados antes do 15 de maio do ano 2000 a quenda e tempada concedida ou a non adxudicación, se é o caso.

Contra as anteditas resolucións, poderase interpoñer recurso de alzada perante a conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude no prazo dun mes que comezará a contar desde o día seguinte ó da súa notificación.

#### Artigo 9º.-Pagamento do prezo da estadía.

Os beneficiarios realizarán un depósito á conta do prezo da estadía na contía e na forma que se indique na correspondente notificación da adxudicación. Así mesmo realizarán o depósito da totalidade do prezo da estadía 45 días antes do inicio da quenda adxudicada. Este depósito terase en conta á hora de xira-lo recibo definitivo.

Artigo 10º.-Anulación de estadías e reintegro de pagamentos.

No caso de que o adxudicatario anulase as estadías, as cantidades depositadas seranlle devoltas logo da reclamación do interesado unha vez instruído e resolto o expediente correspondente, de acordo coas porcentaxes que se detallan a continuación:

-Anulación ata 30 días antes da data do comezo do desfrute das estadías o 100%.

-Anulación entre 29 e 15 días antes da data de comezo do desfrute das estadías 75%.

-Anulación entre 14 e 3 días antes da data de comezo do desfrute das estadías 50%.

-Anulación con menos de 3 días ou unha vez comezado o desfrute das estadías 25%.

A anulación de reservas efectuarase por carta certificada e para calcula-la porcentaxe da devolución de cantidades tomarase como data a de rexistro de entrada na residencia, non facéndose en ningún caso responsable a residencia dos eventuais atrasos que



## ANEXO II

## ESTADÍA E MANTENZA DOS RESIDENTES

RESIDENCIA	MES	QUENDA	TEMPADA	PREZOS   PERSOA   DÍA
<b>PANXÓN</b>	Xullo	Do 01 ó 09 Do 11 ó 19 Do 21 ó 30	ALTA	3.500 ptas.
	Agosto	Do 01 ó 10 Do 12 ó 20 Do 22 ó 30	ALTA	3.500 ptas.
	Setembro	Do 01 ó 10 Do 12 ó 21	ALTA	3.500 ptas.
<b>CARBALLIÑO</b>	Xullo	Do 01 ó 09 Do 11 ó 20 Do 22 ó 30	ALTA	3.500 ptas.
	Agosto	Do 01 ó 15 Do 17 ó 30	ALTA	3.500 ptas.
	Setembro	Do 01 ó 14	ALTA	3.500 ptas.

Os nenos comprendidos entre os 2 e os 12 anos, ámbolos dous incluídos, terán un desconto do 50% sobre o importe das estadias.

Os nenos menores de 2 anos que non utilicen os servizos de comedor ou duman en berces instalados na habitación dos seus responsables, están exentos de pagamento.

As estadias inferiores ós 7 días levarán unha recarga dun 25% por persoa e día, tendo preferencia na adjudicación as solicitudes superiores ás devanditas estadias.

As persoas que desexen pernoitar na residencia a noite anterior ó comezo da súa estadia, deberán aboa-la cantidade de 2.200 pts debendo comunicarllo á residencia con tempo.

## SERVICIO DE COMEDOR PARA OS VISITANTES

- Almorzo ..... 200 pts.
- Xantar ..... 900 pts.
- Cea ..... 700 pts.

Os prezos destes servizos soltos sufrirán un incremento do 10% os domingos e festivos

*Orde do 29 de decembro de 1999 pola que se regulan axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3º, como unha das áreas de actuación, os servizos de familia, infancia e mocidade, e o Decreto 488/1997, do 26 de decembro, modificado polo Decreto 117/1999, do 23 de abril, atribúelle á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude as competencias neste sector.

Así mesmo, a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia establece, no seu artigo 15 a), como unha medida de prevención de posibles situacións de risco, o apoio á infancia e á adolescencia a través de medidas técnicas dirixidas a cubri-las necesidades básicas e a mellora-lo contorno familiar.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, posibilita a tramitación anticipada de expedientes de gasto, no exercicio inmediatamente anterior ó dos orzamentos con cargo ós que se vaian imputa-los correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, que corresponda ó exercicio orzamentario no que se vaia materializa-la contraprestación.

O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78 o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais requisitos esixidos no Proxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade galega para o ano 2000.

Con este fin, no devandito proxecto de Lei de orzamentos, na aplicación 14.02.212A.460.0 existe unha

partida orzamentaria de 149.757.000 ptas., consignada para as axudas que se establecen no articulado desta orde, a cal poderá verse incrementada coas achegas doutras administracións públicas para o mesmo fin.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios para o fin para o que foron establecidos,

### DISPÕÑO:

#### Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto o financiamento de programas de educación familiar que desenvolverán polas corporacións locais ben a través dos seus servizos sociais ou ben por equipos profesionais creados para esta finalidade.

#### Artigo 2º.-Destinatarios.

Poderán solicitar axudas aquelas corporacións locais que presenten un programa de educación familiar consistente na intervención, por parte de persoal especializado, en familias que se atopen en situacións de risco de marxinación social, co obxecto de facilitarlle-la adquisición de habilidades de atención, coidado e educación necesarias para o axeitado desenvolvemento dos menores (pautas de alimentación, hixiene, educativas, habilidades sociais, etc.), así como a capacidade de autoorganización do núcleo familiar.

#### Artigo 3º.-Normas xerais sobre as subvencións.

a) As corporacións locais deberán participar no financiamento do programa, alomenos, cun 20% do seu orzamento total. Para tales efectos a corporación local presentará certificación acreditativa de que nos seus orzamentos existe partida orzamentaria suficiente para esta finalidade. No caso de que a contía subvencionada sexa inferior ó orzamento total que inicialmente consta na solicitude, o tanto por cento que achegará a corporación local reducirase en igual medida.

b) Daráselle prioridade ós proxectos que sexan continuación dun programa subvencionado no ano anterior e que fosen avaliados positivamente.

c) Daráselle prioridade especialmente ós proxectos que contraten o mesmo educador que en anos anteriores, de ser posible e oportuno, e que desenvolvan a actividade ininterrompidamente durante todo o ano. Este profesional deberá ter unha das seguintes titulacións: diplomado en EXB, psicólogo, pedagogo, psicopedagogo, educador social ou traballador social.

d) Terán prioridade aquelas corporacións que colaboren coa Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude noutras iniciativas, especialmente as que desenvolvan programas para a execución de medidas xudiciais de servizos en beneficio da comunidade e liberdade vixiada, no ámbito de menores.

e) Valoraranse especialmente os proxectos que abrangan o maior número de beneficiarios posible, así como aqueles nos que, na súa execución, participen asociacións de voluntariado social.

f) As subvencións outorgadas para a execución do programa, en ningún caso implicarán duplicidade,

de tal forma que a suma das subvencións concedidas por todo tipo de organismos públicos ou privados e percibidos coa mesma finalidade non supere o 100% do importe total do gasto efectuado.

g) Os programas que se presenten deberán axustarse ás instrucións establecidas no anexo II desta orde.

h) A concesión das axudas reguladas por esta orde poderase suxeitar á formalización dun convenio coa corporación local beneficiaria, de acordo coas esixencias establecidas legalmente.

Artigo 4º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

A solicitude formularase segundo o modelo oficial que se achega como anexo I a esta orde, que deberá ir acompañada do proxecto do programa e unha declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para este mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes. Esta documentación presentarase nas delegacións provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 5º.-Tramitación dos expedientes.

As respectivas delegacións provinciais comprobarán que os expedientes reúnen tódolos requisitos esixidos nesta orde e procederán a reclamarlles por escrito ós interesados a falta ou os documentos preceptivos para poder completa-lo expediente, co apercibimento de que se así non se fixese nun prazo de dez días, terase por desistida a súa petición, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá dictarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma lei.

#### Artigo 6º.-Resolución.

1. Correspóndelle ó delegado provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, por proposta da comisión de valoración, a resolución destas axudas de conformidade co establecido no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro, sobre desconcentración de competencias dos conselleiros, nos delegados provinciais en materia de axudas e subvencións, con cargo ós créditos dos capítulos IV e VII que figuren nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A antedita resolución terá lugar no prazo de 3 meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen recaer resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: o/a xefe/a de Servicio de Familia, Infancia e Menores.

Vocais: tres funcionarios da respectiva delegación provincial designados polo/a delegado/a provincial.

Actuará como secretario un dos vocais. Poderá asistir con voz pero sen voto un representante da intervención territorial.

3. As resolucións seranlles notificadas pola delegación provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude ás corporacións locais. As ditas resolucións poderán ser modificadas polo órgano competente no caso de producirse alteracións nas condicións que serviron de base para o seu outorgamento.

4. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da notificación da dita resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación da dita resolución. Neste caso non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto o recurso de reposición expresamente ou por desestimación presunta.

#### Artigo 7º.-Xustificación e pagamento.

1. Unha vez dictada a resolución pola que se concede a subvención, procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación, agás nos casos de formalización de convenios, en que se terá en conta o que nel se dispoña.

2. As subvencións poderanse facer efectivas de conformidade co establecido na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2000 da seguinte forma: para aquelas que non superen o importe dun millón de pesetas poderá anticiparse ata un 80% da contía outorgada mediante a correspondente certificación de inicio de actividades, librándose o 20% restante unha vez presentada pola corporación local certificación expedida polo órgano competente de que foi realizada a actividade e que especifique a cantidade exacta do gasto realizado no programa que, en todo caso, será igual ou superior á axuda concedida máis achega da corporación local esixida no artigo 3º a) desta orde. Nos demais casos poderá facerse efectivo o pagamento da axuda do seguinte xeito:

a) Un primeiro prazo do 30% da totalidade da subvención, no momento da súa concesión. Para facer efectivo este anticipo deberá presentarse como medio provisional de xustificación unha certificación emitida polo órgano competente da corporación do inicio das actividades.

b) Ata o 80% do total concedido (o seguinte 50% da subvención despois do anticipo) mediante pagamentos parciais, sempre que se presenten as correspondentes certificacións de gastos que deberán incluí-lo recibido en concepto de anticipo, agás no

ten realizado un gasto igual ou superior á cantidade concedida máis a achega da corporación local esixida no artigo 3º a) desta orde; neste caso, procederáse ó aboamento do 100% da subvención tal e como se especifica no punto seguinte.

c) O 20% restante, unha vez presentada pola corporación certificación expedida polo órgano competente de que foi realizada a actividade e que especifique a cantidade exacta do gasto realizado no programa que, en todo caso, será igual ou superior á axuda concedida máis a achega da corporación local esixida no artigo 3º a) desta orde.

En todo caso, a dita corporación deberá emitir, no prazo de vinte días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que foi rexistrado na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

3. Aquelas corporacións locais que ó abeiro da orde desta consellería do 29 de decembro de 1998, obtivesen subvención para o mesmo programa que se conceda mediante esta orde, para poder percibi-lo anticipo a que se refire o punto 2 deste artigo, deberán ter xustificado previamente a totalidade da subvención concedida para o ano 1999.

4. Coa última certificación do gasto, acompañarase unha memoria xustificativa da execución do programa de acordo co modelo que figura no anexo III, así como unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas e concedidas, como as pendentes de resolución, para este mesmo programa, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

#### Artigo 8º.-Seguimento do programa.

1. Correspóndelle á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude a facultade de supervisión e control sobre a execución e o destino da axuda á finalidade para a que se concedeu, podendo levarse a cabo comprobacións directas sobre a execución do programa.

2. As corporacións locais beneficiarias de axudas quedan obrigadas a remitirlle a calquera órgano competente da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude cantos informes e documentos se consideren precisos para acreditarlo cumprimento da finalidade da subvención concedida. Así mesmo, deberán someterse ás actuacións de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Economía e Facenda e as previstas no Consello de Contas.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-De acordo co disposto no artigo 3.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ó da disposición ou compromiso de gasto.

Segunda.-A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos xerais para este fin.

As actuacións que se subvencionan deberán realizarse dentro do exercicio económico de 2000.

Terceira.-O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta orde constituirá causa determinante de revogación da axuda e do seu reintegro polo beneficiario ou solicitante, xunto cos xuros de demora, segundo o previsto no artigo 78.5º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a directora xeral de Familia para dicta-las resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 1999.

Manuela López Besteiro  
Conselleira de Familia e Promoción do Emprego,  
Muller e Xuventude

ANEXO I



CONSELLERÍA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO,  
MULLER E XUVENTUDE

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR QUE DESENVOLVERÁN AS CORPORACIÓNS LOCAIS	FM421A	SOLICITUDE

ADMINISTRACIÓN TITULAR DO SERVICIO		CIF
Nº REGISTRO DA CONSELLERÍA	ENDEZEZO	TELÉFONO
PERSOA DE CONTACTO		TELÉFONO
¿ COLABORA O CONCELLO NA EXECUCIÓN DE MEDIDAS DE SERVICIOS EN BENEFICIO DA COMUNIDADE ?		
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON		

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR

Duración (data de inicio e de remate) .....	_____
Orzamento solicitado .....	_____
Contribución da corporación local .....	_____
Orzamento total do programa .....	_____
Nº familias que se van atender no ano 2000 (previsión) .....	_____
Titulación/s do/s educador/es familiar/es que desenvolve/n ou desenvolverá/n o programa .....	_____

CÓDIGO DA CONTA BANCARIA

BANCO	OFICINA	D.C.	CONTA
_____	_____	_____	_____

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 29 de decembro de 1999 pola que se regulan axudas para levar a cabo programas de educación familiar que desenvolverán as corporacións locais.</i>	(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
SINATURA DO ALCALDE OU PERSOA QUE O REPRESENTA DEBIDAMENTE  _____, de _____ de 2000.			DATA DE EFECTOS
			DATA DE SAÍDA

Delegación provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude

## ANEXO II

## INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO

O proxecto que se presenta xunto coa solicitude deberá conter, como mínimo, as seguintes especificacións:

**1.- DENOMINACIÓN E CONTIDO DO PROGRAMA.**

**2.- CARACTERÍSTICAS E INDICADORES DE RISCO SOCIAL DA ZONA:** deberá especificarse claramente o nº de habitantes, a taxa de natalidade, a taxa de paro, os servizos sociais existentes (centros e programas) e os indicadores de risco social existentes na zona que se teñen en conta á hora de defini-lo programa.

**3.- OBXECTIVO ESPECÍFICO DO PROGRAMA:** (xustificación e metodoloxía de traballo).

**4.- DESTINATARIOS:** previsión do nº de posibles familias beneficiarias así como as súas características.

**5.- DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN:** indicaranse as fases de intervención, e especialmente as formas de coordinación cos servizos sociais e con outros dispositivos de inserción social (INEM, Servizos de Colocación, Programas Europeos ou outros).

**6.- DURACIÓN PREVISIBLE DO PROGRAMA:** indica-la duración prevista do programa, sinalando, en caso de que este se executase en anos anteriores, a súa data de inicio e xuntar unha memoria explicativa da súa evolución.

**7.- ORZAMENTO:** detallaranse todos e cada un dos gastos que importe o proxecto, en especial e con respecto ó persoal, o réxime de contratación, número de horas que se dedican, cualificación do persoal ... Caso de que o programa fose executado polo equipo integrante dos servizos sociais do concello ou mancomunidade, especificarase se a realización se levará a cabo no horario oficial ou se esixe dedicación complementaria.

Tamén se deberán consignar as distintas fontes de financiamento, tanto públicas como privadas, que teña o programa. Se o/s concello/s recibise/n no ano 1999 para este programa algunha subvención con cargo ó plan concertado, deberase facer constar neste punto, así como a subvención solicitada, se é o caso, para o este ano.

Por último, o/s concellos/s indicará/n o orzamento que solicita/n a cargo desta orde con indicación dos conceptos que se cubrirán con el.

## ANEXO III

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN**

- 1.1.- Concello ou mancomunidade.
- 1.2.- Provincia.
- 1.3.- Data de posta en marcha do proxecto.

**2.- ESTRUCTURA DO PROXECTO**

- 2.1.- Ámbito territorial.
- 2.2.- Causas xustificativas do proxecto (problemáticas específicas obxecto de intervención).
- 2.3.- Áreas de intervención.
  - 2.3.1.- Educación para a saúde.
  - 2.3.2.- Organización e economía familiar.
  - 2.3.3.- Formación pais fillos.
  - 2.3.4.- Convivencia familiar.
  - 2.3.5.- Outras.
- 2.4.- Familias beneficiarias.
  - 2.4.1.- Número de familias atendidas.
  - 2.4.2.- Duración da intervención.
  - 2.4.3.- Características das familias e problemáticas delas:
    - Situación económica.
    - Estado da vivenda.
    - Organización doméstica.
    - Saúde familiar.
    - Estructura e relacións familiares.
    - Relacións coa comunidade.
  - 2.4.4.- Altas e baixas das familias atendidas: causas.
- 2.5.- Tarefas e funcións desenvolvidas polo educador familiar e dificultades na realización.
- 2.6.- Obxectivos.
  - 2.6.1.- Propostos.
  - 2.6.2.- Conseguidos.

**3.- RECURSOS UTILIZADOS**

- 3.1.- Económicos (fontes de financiamento).
  - 3.1.1.- Contribución da comunidade autónoma.
  - 3.1.2.- Contribución do concello.
  - 3.1.3.- Outros.
- 3.2.- Humanos.
  - 3.2.1.- Profesionais que interveñen: nome, DNI, titulación e dedicación.
  - 3.2.2.- Emprego xerado con proxecto.
- 3.3.- Orzamento do proxecto financiado.
  - Ingresos \_\_\_\_\_
  - Gastos:
    - De persoal: \_\_\_\_\_
    - De mantemento \_\_\_\_\_
    - De actividades \_\_\_\_\_
    - Outros (Especificar) \_\_\_\_\_

**4.- VALORACIÓN GLOBAL DO PROXECTO E NOVAS PROPOSTAS.**

Sinatura do alcalde

Sinatura do responsable do programa

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_



**ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE**

*Resolución do 7 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso básico de capacitación para gardas de policía local.*

Dentro dos programas de actividades que a Academia Galega de Seguridade ten previsto realizar no ano 2000, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade, anúnciase a realización dun curso básico de capacitación para gardas de policía local, segundo o previsto no artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, que deberá desenvolverse conforme ás seguintes bases:

**Obxectivos.**

O curso ten por obxectivos dota-los policía dunha formación teórico-práctica que complementa os coñecementos adquiridos na súa preparación das correspondentes probas de oposición, para que os capacite para o posterior desempeño da súa actividade profesional.

**Destinatarios.**

O curso vai dirixido a todas aquelas persoas que superaron recentemente as correspondentes probas de acceso á categoría de garda da policía local dos diferentes concellos de Galicia.

**Inscrición.**

A inscrición dos participantes será totalmente gratuita, débese comunicar esta antes do 17 de febreiro de 2000 para efectua-la correspondente reserva de praza.

**Prazas.**

Sen límite.

**Solicitudes.**

1. Os concellos que se atopen nesta situación deberán remitir un escrito á Academia Galega de Seguridade no que soliciten a participación no curso, no que figure a lista de persoas que superaron as correspondentes probas de oposición á categoría de garda da policía local e os datos das persoas incluídas na lista, referidos ás probas de oposición para efectua-la correspondente reserva de praza para a realización do devandito curso.

2. O prazo para a remisión de escritos rematará o día 17 de febreiro de 2000.

3. Os escritos deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade: Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada.

**Contido e duración.**

O curso desenvolverase en sesións de mañá e tarde de luns a venres, e nel trataranse, entre outros, os seguintes módulos:

- Misión e funcións policiais.
- Policía e sociedade galega.
- Policía de protección e seguridade.
- Policía de tráfico e transporte.
- Policía xudicial e de investigación.

-Policía administrativa.

-Área de reforzo.

-Formación en centros de traballo.

O curso terá unha duración de nove meses, seis de formación teórica na Academia Galega de Seguridade e tres de prácticas nos respectivos concellos de procedencia.

**Datas.**

O curso principiará o vindeiro día 21 de febreiro de 2000.

O horario será das 9.30 ás 20 horas.

**Desenvolvemento do curso.**

Os alumnos da Academia Galega de Seguridade durante o seu período de permanencia na academia, rexeranse polo Regulamento de Réxime Interior desta, publicado no DOG do 28-7-1995, nº 144.

**Certificado.**

Para obte-lo correspondente diploma será requisito indispensable superar tanto a fase de formación teórica, onde o alumno ten que superar tódalas materias que figuren no programa, como a fase de prácticas.

**Modificacións.**

A Academia Galega de Seguridade poderá modifica-lo desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 7 de xaneiro de 2000.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

*Resolución do 7 de xaneiro de 2000 pola que se convoca un curso sobre atestados por accidentes de tráfico.*

Dentro dos programas de actividades que a Academia Galega de Seguridade ten previsto realizar no ano 2000, de forma descentralizada, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1992, do 9 de abril, de creación da Academia Galega de Seguridade, anúnciase a realización dun curso sobre atestados por accidentes de tráfico, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

**Obxectivos.**

O curso ten por obxectivo principal da-los coñecementos necesarios en materia de atestados en accidentes de tráfico, para que os policía poidan desenvolve-lo seu labor, ta e como require a autoridade xudicial.

**Destinatarios.**

O curso vai dirixido ós membros dos corpos das policía locais de Galicia, membros da unidade do CNP adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia; e, no caso de quedaren prazas vacantes, ós membros do Corpo Nacional de Policía e Garda Civil.

### Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

### Prazas.

O número de prazas que se ofertarán neste curso será de 40.

### Solicitudes.

1. O personal que desexe participar neste curso deberá presentar cuberta á máquina ou con letra moi clara a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 8 de febreiro ás 14 horas.

3. As instancias deberán vir asinadas polo xefe do cadro de persoal ou polo concelleiro de tráfico e seladas; será este requisito indispensable para ser admitido no curso, e o incumprimento deste requisito comportará a exclusión do devandito curso.

4. As instancias deberán enviarse á sede da Academia Galega de Seguridade; Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Contido e duración.

O curso tera lugar en sesións de tarde de luns a venres, e nel trataranse, entre outros, os seguintes temas: a) Competencias da policía local en materia de accidentes de tráfico. b) Concepto de clases de accidentes de tráfico. c) Investigación de accidentes

de tráfico. d) Planificación da investigación. e) Bosquexo e informes técnicos. f) Resolución de diversos casos prácticos. g) Alcholema en relación cos accidentes de tráfico.

### Datas.

O curso terá lugar en datas do 21 ó 25 de febreiro.

O horario será das 16 ás 20 horas da tarde.

### Relación de admitidos.

A relación de admitidos publicárase o día 15 de febreiro no taboleiro de anuncios da Academia Galega de Seguridade, ou ben poden confirmala súa asistencia chamando ó teléfono 986 59 00 21.

### Lugar.

O curso desenvolverase na sede da Academia Galega de Seguridade, sita na Avenida da Cultura, s/n, no concello da Estrada.

### Certificado de asistencia.

Ó remate do curso entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas que acrediten a súa participación continuada a el.

### Modificacións.

A Academia Galega de Seguridade poderá modifica-lo desenvolvemento do curso para adaptalo ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

A Estrada, 7 de xaneiro de 2000.

Juan José Fariñas-Ferro Rodríguez  
Director xeral da Academia Galega de Seguridade

### ANEXO

<p><b>ENTIDADE DE PERTENZA:</b></p> <p>.....</p> <p><b>CURSO: ATESTADOS</b></p> <p>.....</p>	<p style="text-align: right;">Registro de entrada Nº: ..... Data: .....</p>
<p><b>1. SOLICITANTE</b></p> <p>Apelidos: ..... Nome: ..... DNI: .....</p> <p>Data de nacemento: .....</p> <p>Enderezo particular: ..... Rúa: ..... Concello: ..... Provincia: ..... Teléfono: .....</p>	
<p><b>2. DATOS PROFESIONAIS</b></p> <p>Corpo de procedencia: .....</p> <p>Categoría: ..... Clase de persoal: .....</p> <p>Grupo de pertenza dentro do corpo: .....</p> <p>Ano de entrada no corpo: .....</p> <p>Enderezo do posto de traballo: .....</p>	
<p><b>3. INFORME DO/DA XEFE/A DO CADRO DE PERSOAL, OU DO CONCELEIRO DE TRÁFICO</b></p> <p>Vista a solicitude presentada polo/a interesado/a, declaro que o/a funcionario/a está en activo, e ten a miña autorización para asistir ó curso.</p> <p>Lugar e data: ..... Sinatura e selo do órgano informante</p> <p>Asdo: .....</p>	
<p><b>4. DECLARACIÓN</b></p> <p>Declaro, pola miña honra:</p> <p>Que son certos tódolos datos que figuran nesta solicitude</p> <p>..... de ..... de 199 .....</p> <p>Sinatura do/da solicitante:</p>	
<p><b>5. SELECCIÓN</b></p> <p>Vista a solicitude presentada polo/a interesado/a, a Academia Galega de Seguridade,</p> <p>resolveu <input type="checkbox"/> Selecciona-lo/a interesado/a.</p> <p><input type="checkbox"/> No selecciona-lo/a</p> <p>Lugar e data: ..... Sinatura e selo do órgano seleccionador</p> <p>Asdo: .....</p>	

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Corrección de erros.-Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de letrados.*

Advertidos erros na orde publicada no DOG nº 248, do 27 de decembro de 1999, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 15.120, anexo I da dita orde, onde di: «O cuarto exercicio, consistirá en expoñer oralmente, durante un tempo máximo de setenta minutos, dous temas de dereito constitucional, comunitario e autonómico, un do 1 ó 20 e outro do 21 ó 40, dous temas de dereito administrativo, un do 1 ó 29 e outro do 30 ó 55; dous de Facenda pública e un de dereito penal. Os temas serán designados ó chou, expoñeranse polo orde indicado e o tempo mínimo dedicado á exposición de cada tema non poderá ser inferior a cinco minutos», debe dicir: «O cuarto exercicio consistirá en expoñer oralmente, durante un tempo máximo de setenta minutos, dous temas de dereito constitucional, comunitario e autonómico, un do 1 ó 24 e outro do 25 ó 42; dous temas de dereito administrativo, un do 1 ó 30 e outro do 31 ó 57; dous de Facenda pública e un de dereito penal. Os temas serán designados ó chou, expoñeranse pola orde indicada e o tempo mínimo dedicado á exposición de cada tema non poderá ser inferior a cinco minutos».

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Orde do 5 de xaneiro de 2000 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente.*

De conformidade co disposto no artigo 27.º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anuncia-la convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinala no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Medio Ambiente (rúa Basquiños nº 2, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo

común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntarlle á súa petición un currículun vitae e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira en que se sinala no punto anterior non serán tidos en conta.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un funcionario/a con destino noutra administración, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizo, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días segundo o disposto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* podendo, de considerarse oportuno, declararse deserta.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade cá do novo, ou dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ó servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ó do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ó da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ó servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ó da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2000.

José Carlos del Álamo Jiménez  
Conselleiro de Medio Ambiente

#### ANEXO I

Código: MA.C04.00.002.15770.001.

Denominación do posto de traballo: subdirector/a xeral de Calidade Ambiental.

Centro directivo: Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo ou escala: xeral/especial.

Grupo: A.

Nivel: 30.

Específico: 2.363.280.

Formación específica: 523 (diploma de directivo).

**ANEXO II**  
**MODELO DE SOLICITUDE**

**DATOS PERSOAIS**

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
DNI	Data de nacemento	Corpo ou escala a que pertence		Grupo	NRP
Domicilio, rúa e nº		Provincia	Localidade		
<b>DESTINO ACTUAL</b>					
Consellería		Dependencia	Localidade		

**SOLICITO:** ser admitido/a na convocatoria para prover postos de traballo polo sistema de libre designación, anunciada pola orde....., ó considerar que reúno os requisitos esixidos para tomar parte, para o posto de traballo que se indica.

Designación do posto de traballo	Nivel c. destino	Centro directivo ou unidade de que depende	Localidade

**Tempo de servizos prestados**

No corpo actual	Anos	Meses	Días

Noutros corpos	Anos	Meses	Días

Outros destinos anteriores	Anos	Meses	Días

**Títulos académicos**

.....

.....

.....

Confectamento da lingua galega	Fala	Escribe	Entende

**Outros méritos que deban facerse constar de acordo coas bases da convocatoria**

.....

.....

.....

**Outros méritos que o/a candidato/a desexa facer constar:**

.....

.....

.....

(Lugar, data e sinatura)

Conseleiro de Medio Ambiente

**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

*Resolución do 9 de decembro de 1999 pola que se convocan probas selectivas para a provisión de prazas de técnicos especialistas que realizan funcións informáticas vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.*

Aprobada por Resolución do 10 de agosto de 1995 a oferta de emprego público de persoal de administración e servicios da Universidade da Coruña e aprobado pola Xunta de Goberno o sistema de selección de concurso-oposición para a provisión das prazas de técnicos especialistas de informática, segundo establece o artigo 111.3º dos estatutos,

Este rectorado, no uso das competencias que lle están atribuídas no artigo 18 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, en relación co artigo 3.2º e) desta norma, así coma nos estatutos desta universidade, aprobados por decreto da Xunta de Galicia 253/1992, do 10 de setembro (DOG do 17 de setembro) e modificados por decreto da Xunta de Galicia 245/1998, do 30 de xullo (DOG do 28 de agosto), e co obxecto de atender as necesidades de técnicos especialistas que realizan funcións informáticas,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Convocar probas selectivas para cubrir 7 prazas de técnicos especialistas de informática (nº 194, 195, 212, 340, 341, 399 e 412 da relación de postos de traballo) da Universidade da Coruña.

As probas selectivas realizaranse con suxeición ás seguintes

**Bases da convocatoria****1. Solicitudes.**

1.1. Os que desexen tomar parte nestas probas selectivas deberán solicitalo na instancia segundo modelo que figura como anexo IV. Á instancia xuntaráse fotocopia do documento nacional de identidade, acreditándose ademais o pagamento dos dereitos de exame na forma prevista no punto 1.2.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar dúas fotocopias do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ó seu cargo.

As solicitudes dirixiranse ó rector da Universidade da Coruña no prazo de 20 días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A presentación das solicitudes farase no rexistro xeral da Universidade da Coruña (edificio do Rectorado, rúa da Mestranza, s/n, CP 15001) e Ferrol (Vicerreitorado do Campus, Doutor Vázquez Cabreira, s/n, CP 15001), ou nas restantes formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 xaneiro).

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

1.2. Os dereitos de exame serán de 7.515 pesetas que se ingresarán, directamente ou mediante transferencia, en calquera das oficinas da *Caixa Postal*, na conta corrente 1302-1700-42-0017957982, «Probas selectivas para técnicos especialistas de informática», a nome da Universidade da Coruña. A solicitude deberá ir acompañada do xustificante acreditativo do ingreso, a falta do cal determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude perante o órgano expresado no punto 1.1.

1.3. Os aspirantes que aleguen méritos na fase de concurso deberán acreditarlos mediante a presentación dos documentos xustificativos orixinais ou copias compulsadas. Os servicios prestados na Universidade da Coruña acreditaranse mediante certificación expedida pola xerencia da universidade. A documentación acreditativa dos méritos estará referida á data de publicación no DOG desta convocatoria, e deberá incorporarse á solicitude.

1.4. Os aspirantes que padezan algunha discapacidade poderán indicalo no recadro número 14 da solicitude e solicitar, se é o caso, as posibles adaptacións de tempos e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria, expresándoo no recadro número 15.

1.5. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fagan constar na súas solicitudes, podendo unicamente demanda-la súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 1.1. para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada polo tribunal.

**2. Requisitos dos candidatos.**

2.1. Para ser admitido á realización destas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir e manter os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados, os que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de tra-

balladores nos termos en que esta está definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participa-lo cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinteún anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así estea previsto nos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España.

b) Ter cumprido dezaoto anos de idade e non exceder dos sesenta e cinco.

c) Estar en posesión dunha titulación de FP de 2º grao ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír a credencial que acredite a súa homologación.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas por sentenza firme.

2.2. Tódolos requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación das solicitudes e gozar deles durante o proceso selectivo.

### 3. Discapacidades.

3.1. Para a realización das probas selectivas o tribunal cualificador destas establecerá, para as persoas con minusvalidez que o demandasen na solicitude de admisión, as adaptacións posibles de tempos e medios.

3.2. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitaren dúbidas ó tribunal respecto á capacidade dos aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos traballadores da categoría de técnico especialista de informática, poderá solicita-lo correspondente dictame do órgano competente da Comunidade Autónoma.

### 4. Listas de admitidos e excluídos.

4.1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de vinte días naturais, o rector da universidade dictará resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, declarando aprobadas as listas de aspirantes admitidos e excluídos, que serán feitas públicas no taboleiro de anuncios do rectorado da universidade e no Vicerectorado do Campus de Ferrol, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se é o caso, as causas de exclusión.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir da publicación da referida resolución, para corrixi-lo defecto que motivase a

exclusión. Transcorrido o devandito prazo, o rector dictará resolución pola que se declare aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, contra a que os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da publicación da resolución.

4.2. O feito de figurar na lista de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento, de acordo co previsto na base 9.1 desta convocatoria.

### 5. Sistema selectivo.

5.1. O procedemento de selección dos aspirantes será o de concurso-oposición, coa valoración de méritos, exercicios e puntuacións que se especifican no anexo I.

5.2. O programa das probas da fase de oposición é o que figura como anexo II.

### 6. Tribunal cualificador.

6.1. O tribunal cualificador é o que figura como anexo III desta convocatoria.

6.2. O tribunal na súa constitución, composición e funcionamento aterase ó disposto no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de persoal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 xaneiro).

6.3. O tribunal poderá dispo-la incorporación ós seus traballos de asesores especialistas no número que considere adecuado.

6.4. O tribunal terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 299/1990, do 24 de maio (DOG do 1 de xuño).

### 7. Calendario das probas.

7.1. O lugar e data de comezo dos exercicios será feito público na resolución que aprobe as listas definitivas de aspirantes admitidos e excluídos.

7.2. A duración máxima das probas selectivas será dun ano desde a data de publicación desta convocatoria.

7.3. A orde de actuación dos aspirantes será a que determine a Dirección Xeral da Función Pública da Comunidade Autónoma para o ano en que se realice a proba.

### 8. Aspirantes de nacionalidade estranxeira.

8.1. Con carácter previo á realización dos exercicios da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán acreditá-lo coñecemento do castelán mediante a realización

dunha proba, na que se comprobará que posúen un nivel axeitado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua.

8.2. O contido desta proba axustarase ó disposto no Real decreto 826/1988, do 20 de xullo (BOE do 29), polo que se establecen os diplomas acreditativos do coñecemento do español como lingua estranxeira. A proba cualificarase de apto ou non apto, é necesario obte-la valoración de apto para pasar a realiza-los exercicios da fase de oposición. Quedan eximidos de realizar esta proba os aspirantes que acrediten mediante fotocopia compulsada estar en posesión do diploma superior de español como lingua estranxeira establecido polo Real decreto 826/1988, do 20 de xullo, modificado e completado polo Real decreto 1/1992, do 10 de xaneiro, e do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas. De non achegar esta documentación non poderán ser declarados exentos, debendo, en consecuencia, realiza-la proba descrita no parágrafo anterior.

## 9. Lista de aprobados.

9.1. O tribunal fará pública a valoración dos méritos da fase de concurso unha vez realizado o último exercicio da fase de oposición.

9.2. Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal cualificador fará pública no Rectorado da Coruña, no Vicerrectorado do campus de Ferrol, e no lugar ou lugares de realización do exercicio, así como naqueles outros que considere oportuno, a puntuación obtida polos aspirantes, así como, de se-lo caso, a de cada unha das probas que o compoñan.

Posteriormente, o tribunal fará pública, neses mesmos lugares, a relación dos aspirantes que superaron as probas selectivas, constituída por aqueles opositores que, en número non superior ó das prazas convocadas e tendo acadado a puntuación mínima esixida para supera-los exercicios da fase de oposición, obtiveran a maior puntuación final calculada de acordo co sistema previsto no anexo I, e con indicación expresa da obtida por cada un deles. Esta lista será confeccionada segundo a orde de puntuación final acadada por cada aspirante e en ningún caso poderá conter un número de candidatos superior ó das prazas convocadas en cada apartado. Os opositores que non se encontren incluídos nesta relación terán a consideración de non ter aprobado as probas selectivas, único extremo acerca do que o tribunal poderá certificar.

9.3. O tribunal remitirá ó rector a relación definitiva dos aspirantes aprobados pola orde desta puntuación final, con proposta de que se formalicen con eles os correspondentes contratos de traballo.

10. Presentación de documentos e formalización dos contratos.

10.1. No prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte ó que se fixese pública a relación defi-

nitiva de aprobados nas probas selectivas, estes deberán presentar no Servicio de Persoal da Universidade da Coruña (rúa da Maestranza, s/n) os seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI ou documento acreditativo equivalente de ser nacional dun estado membro da Unión Europea.

b) Fotocopia compulsada do título esixido para acceder ás probas.

c) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes de nacionalidade non española deberán acreditar que non están sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

d) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que imposibiliten para o servizo.

10.2. Cumpridos debidamente polos aspirantes que superaron as probas selectivas os trámites de presentación de documentos, serán contratados como técnicos especialistas de informática da Universidade da Coruña.

10.3. A adxudicación de postos de traballo efectuarase de acordo coas peticións dos interesados entre os postos ofertados, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo dentro de cada punto.

10.4. O período de proba será de seis meses, durante o que o traballador terá os dereitos e obrigacións correspondentes ó posto de traballo que desempeñe, excepto os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse por instancia de calquera das partes durante o seu transcurso. Este período de proba non será aplicable ós aspirantes que con anterioridade teñan desempeñado funcións de técnicos especialistas de informática na Universidade da Coruña.

Segundo.-Estas probas selectivas axustaranse ó disposto no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de persoal de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro) e ós estatutos desta universidade, aprobados por decreto da Xunta de Galicia 253/1992, do 10 de setembro (DOG do 17 de setembro) e modificados por Decreto 245/1998, do 30 de xullo (DOG do 28 de agosto), o convenio colectivo aplicable ó persoal laboral da Universidade da Coruña, a Lei 17/1993, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro), sobre acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, e as bases desta convocatoria.

Terceiro.- Esta convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven delas poderán ser impugnados ante a xurisdicción do contencioso-administrativo nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, (BOE do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE do 14 xaneiro).

Así mesmo, os interesados poderán interpor recurso de alzada contra os actos do tribunal cualificador das probas ante o rector da Universidade da Coruña, nos termos previstos no artigo 114 e concordantes da mencionada lei.

A Coruña, 9 de decembro 1999.

José Luis Meilán Gil  
Rector da Universidade da Coruña

### ANEXO I

#### TÉCNICOS ESPECIALISTAS DE INFORMÁTICA

Procedemento de selección.

Fase de oposición.

A) Exercicios.

A fase de oposición consistirá na realización de tres exercicios, todos eles obrigatorios.

Primeiro exercicio: consistirá en contestar un cuestionario de, alomenos, 60 preguntas con respostas múltiples, entre as que só unha será correcta, baseado no contido que para este exercicio se fixa no programa que figura na parte xeral (módulos I e II).

Os aspirantes terán un prazo de alomenos setenta e cinco minutos para a realización do exercicio e a súa valoración será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter 2,5 puntos para ter acceso ó exercicio seguinte.

Segundo exercicio: consistirá na realización de dous supostos prácticos específicos, elixidos de entre seis propostos polo tribunal relacionados coa parte específica do programa (módulo III).

Os aspirantes terán un prazo de alomenos dúas horas para resolve-los supostos.

A cualificación do exercicio será de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter cinco puntos para ter acceso ó seguinte exercicio.

Terceiro exercicio: consistirá na tradución, sen dicionario, de dous textos propostos polo tribunal, un do galego ó español e outro do español ó galego e a súa valoración será de 0 a 10 puntos. Este exercicio non terá carácter eliminatorio.

B) Valoración da fase de oposición.

A cualificación final da fase de oposición obterase da seguinte forma:

$(0,3 \times \text{nota } 1^\circ \text{ Exerc.} + 0,6 \times \text{nota } 2^\circ \text{ Exerc.} + 0,1 \times \text{nota } 3^\circ \text{ Exerc.}) \times 6$

Polo que terá un valor máximo de 60 puntos.

Fase de concurso.

Nesta fase valóranse, ata un máximo de 40 puntos, os seguintes méritos:

a) Os servicios prestados na Universidade da Coruña como persoal contratado laboral non permanente na categoría de técnico especialista de informática, a razón de 0,45 puntos por cada mes completo ou fracción, ata un máximo de 30 puntos.

b) Cursos impartidos por organismos públicos ou empresas de prestixio recoñecido relacionados con temas do programa específico, ata un máximo de 10 puntos.

-Cursos de máis de vinte horas: 2 puntos.

-Cursos entre dez e vinte horas: 1 punto.

Sistema de puntuación.

A cualificación final das probas, que como máximo será de 100 puntos, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e concurso. En caso de empate dentro de cada punto, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de concurso, se isto non fora suficiente, á maior puntuación obtida no segundo exercicio, se isto non fora suficiente no primeiro exercicio. Se persistise o empate, este dirimiríase pola orde alfabética do primeiro apelido dos aspirantes empatados, iniciándose a antedita orde pola letra á que se refire a base 7.3 desta convocatoria.

### ANEXO II

#### Programa das probas

Módulo I. Lexislación universitaria e informática.

1. A Universidade da Coruña. Estructura. Órganos de Goberno.

Centros, departamentos, institutos, servicios. Rector, vicerrectores, secretario xeral, xerente, decanos, directores, outros órganos unipersonais. Órganos colexiados: consello social, claustro, xunta de goberno, xuntas de centro, consellos de departamento e institutos.

2. O persoal docente e investigador na Universidade da Coruña.

Clases e réxime xurídico do profesorado universitario.

3. O persoal de administración e servicios na Universidade da Coruña.

Clases e réxime xurídico do persoal de administración e servicios.

4. O estudio e a investigación na Universidade da Coruña.

Estudios de 1º e 2º ciclo. Estudios de doutoramento e posgrao. A organización da investigación. Contratos, convenios e cursos de especialización.



## 5. Informática e lexislación.

Dereito á intimidade. Lei orgánica de regulación do tratamento automatizado de datos (LORTAD). Disposicións, principios e dereitos. A axencia de protección de datos. A protección xurídica do software.

## Módulo II. Fundamentos de informática.

## 1. Concepto de informática.

Sistema informático. Equipo informático. Programas.

## 2. Principio de funcionamento dos ordenadores.

